

## paradela

O Concello organiza viaxes á praia para este verán desde este mes. **Pax. 11**

## samos

A Deputación financia a mellora dos accesos e o abastecemento en dez núcleos. **Pax. 11**

## o incio

Abrirá o novo curso na parroquia de Eirexalba unha casa niño. **Pax. 15**

## tricastela

Comezan na parroquia da Balsa as obras no Camiño de Santiago. **Pax. 16**

## láncara

O Concello prepara unha intensa programación de actividades de verán. **Pax. 17**

# A comarca recupera a programación festiva



## Sarria recibe 8 millóns de euros

O delegado do Goberno compromete unha inversión dirixida á mellora de servizos. **Pax. 6**

## 25 anos sen o poeta Fiz Vergara

Lúzara conmemora o aniversario do pasamento do seu ilustre veciño. **Pax. 12-13**

## Coñece a historia local



Vilapedre, o psiquiátrico esquecido do doutor Ricardo Núñez. **Pax. 7**

## Huellas de Sarria



Falamos coa asociación pola protección animal da comarca. **Pax. 8**

## Festa do Peregrino



Triacastela celebrará o 16 a terceira edición deste encontro. **Pax. 16.**

## A Deputación será a anfitroia da Copa Creativa

Este título recoñece iniciativas que promocionen o desenvolvemento sostible. **Pax. 18**

### ESTE VERÁN FIBRA ÓPTICA -50%!

CONTRATA FIBRA ESTE VERÁN E AFORRA ATA UN - 50% DURANTE 6 MESES

Queremos axudarche a levar mellor esta época de subida de prezos POR ISO DENDE HOXE ATA O 30 DE SETEMBRO, CONTRATA A TUA FIBRA ÓPTICA A METADE DE PREZO E DESFRÚTAA DURANTE 6 MESES! Como o les, sen trampa nin cartón

Oferta dispoñible en: Sarria, Monforte, Chantada, O Barco, A Rua, Xinzo, Araziz, Celanova, Vilalba, Mondoñedo, Ribadeo, Foz, Burela, Antas de Ulla, Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Silleda e Taboada

internet | telefonía | televisión

C/ Calvo Sotelo 164, Baixo (frente a Correos) 27600 Sarria (Lugo). Tel: 982 093 000 info@its.gal / facebook.com/ITSarria @its.comunicacions / www.its.gal

## COMARCA



Dúas imaxes da celebración do San Xoán de Sarria durante o mes de xuño, que volveu facerse con programación similar a de antes da chegada da pandemia

# Volven as festas á comarca

Coa recuperación da normalidade regresan as celebracións patronais así como distintas citas culturais ás terras sarriás

Logo de dous anos de pandemia na que a meirande parte das festas ficaron suspendidas, este ano 2022 os habitantes da comarca de Sarria ben seguro que han de gozar coma nunca do regreso tan ansiado das súas festividades máis próximas. E é que ata chegada a covid-19, nesta época de estío era habitual atopar polos camiños da zona carteis con letras fosforescentes que anunciaban a chegada de cada celebración patronal.

Non ben, a causa da mencionada situación sanitaria, todo este tipo de xuntanzas tiveron que anularse e así os días clave no almanaque de tantas e tantos veciños da contorna ficaron baleiros, coa soa lembranza daquela outra normalidade onde todo

semellaba “tan distante, coma se pasase un lapso enorme de moito tempo sen acontecer o de antes. Mudou drasticamente o noso modo de vida”, explica María F.P, quen para ir á casa do seu home en Samos pasou moitas veces na tempada de verán co coche pola comarca e raro era o día no que non lle chegase aos ouvidos que había festa en calquera sitio.

“Evidentemente, xa antes do covid as cousas mudaran moito; de lembrar os meus tempos mozos nos que iamos unha cuadrilla de rapazas e rapaces a cada festa dos arredores... Abofé que hai moita diferenza!”, exclama esta. “Nos festexos máis pequenos, quero dicir, de de aldeas e parroquias, pouca xente se ve agora, cada vez vai esmorecendo máis

o asunto. Nótase a falta de persoas nova, de tradicións que antes se facían como as alboradas e as trasnadas e de iniciativas que partan do público máis xove...”, lamenta María.

Pola súa banda, o seu marido Xosé explica: “Unha das festividades que máis disfrutaba era a do San Bieito de Samos. Era unha festa moi grande, onde se daba cita moita xente da zona. Había bastante presuposto e actuaban grandes orquestras, logo a causa do despoboamento rural foise perdendo xente”. Neste senso, recalca os fermosos recordos que garda daquelas noites estivais nas que se escoitaban os éxitos de moda mentres a xuventude coreaba cada un deles. Era a época dos temas que hoxe se coñe-

cen como clásicos das verbenas galegas. “Soaba El tractor amarillo ou Hai un gallego en la luna de Zapato Veloz, así como tamén moitos dos éxitos de Mecano, tales como o famoso Hoy no me puedo levantar”, explica María.

O matrimonio recorda como unha canción moi especial “que unía e aínda hoxe une moito á xente” a famosa Galicia de Pimpinela. “Como había unha chea de persoas que pasaban o ano fóra da patria, pois era moi emocionante para todos escoitar ese primeiro son da gaita. Formábase un corro grande e poñíase toda a festa en pé a brincar, sempre o lembrarei”, relata Xosé.

E así, entre máis éxitos como No me arrepiento de este amor de Gilda, La ventanita del amor de

Sergio Vargas e Como la flor de Selena, ambos contan como a través da música destas verbenas da súa época moza se foi formando a banda sonora da vida de moitos veciños: “ Algúns deles namoraron e casaron tendo como fondo as melodías que se oían neste tipo de formacións, outros recordan a súa pandilla de amizades a través delas, poñendo algún CD que gardan pola casa e lles fai recordar o ambiente tan bonito daqueles festexos. Nós mesmos o temos feito nalgunha ocasión ...”, narra María.

## O que xa se celebrou...

Sen dúbida a festividade máis importante da comarca foi a ce-



¡Consúltenos!

# VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES  
DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

SI ERES EMPRESARIO O AUTÓNOMO,  
CONTRATA NUESTRO SERVICIO DE  
TARIFA PLANA EN ASESORAMIENTO  
JURÍDICO CONTINUADO

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

veiguelabogados veiguela abogados

lebración do San Xoán de Sarria. Tras dous anos, a capital comarcal recuperou unha tradición milenaria e volveu ter unhas festas a pleno rendemento o mesmo que está a pasar co resto.

Volveron tamén as festas parroquiais, como a que se celebrou en Ronfe na honra de San Pedro en Láncara ou as de Toldaos, en Triacastela.

O Incio pola súa conta viviu as festas na primeira semana de maio, no mesmo mes no que Láncara volveu seu o berce da Tenreira Galega coa súa festa de-



gustación, que reuniu a máis de 4.000 persoas.

Do mesmo xeito que no Páramo tiveron lugar as Feiras e Festas de Primavera, nas que volveu recuperarse a normalidade prepandemia cunha gran presenza de gando.

Do mesmo xeito, en Paradela puido celebrarse tamén o Bicentenario do Concello, que se prolongará con distintos actos durante o ano.

Pero a vida cultural recuperouse con anterioridade para dar vida a unha comarca pródiga en festivais como o Esmorga, Garitosis, Noite Meiga, A Verbena, Terra Brava, Intergeneraciones, San Martiño Canibal, Espantada Rock, Ribela: Love & Nature e o seu prestixioso

Festival de Maxia. Moitos deles xa tiveron lugar este ano dende que se levantou a veda e o resto están previstos para as súas datas habituais.

### O que está por vir...

O mes de xullo continuará repleto de días festivos en diferentes puntos da comarca como en Oural, Santiago de Nespereira, ou coa conmemoración do San Bieito de Samos, entre outros.

Tamén en Samos espérase a feira de artesanía da capitalidade ou de A Ponte de Lúzara, sen faltar a Romería de San Roque en Santalla.

Ademais, en Triacastela festexarán a terceira edición da festa do Peregrino que será o vindeiro 16 de xullo.

A festa do Peregrino terá o seu pistoletazo de saída ás 11.30 horas da mañá coa disposición das tendas de artesanía na praza da Deputación. Ademais a música será levada á rúa co grupo Gaitas Xiada e Pandeiretas Ruadiña. Logo presentaráse no Fonte do Lunar a exposición Cova Eirós.

Máis tarde, ás 12.30 horas, a autora nada en Triacastela, Mirella López Díaz, realizará a presentación do seu libro de debut: Breicar no Camiño de Santiago. E de seguido, chegará o turno de escoitar o pregón que correrá a cargo de Manuel F. Rodríguez.

Xa na xornada de serán, emprenderase o obradoiro creativo Escultura Kaos, que acontecerá ás 16.00 horas da tarde, amais de levarse a término o taller de impresión con Amorote, ás 17.00 da tarde. En torno ás 19.00 horas os monicreques de Larraitz Urruzola realizarán unha función que recibe o nome de Doa Barriga Verde. O peche da festa do Peregrino correrá a cargo do concertó da banda rockeira Sound Sisters cun concertó programado para as 21.00 horas.



Feira da Tenreira Galega en Láncara, no mes de maio

## Unha ducia de bandas estarán en agosto no Sarria Blues no Camiño

Sarria acollerá este verán un novo festival de música afroamericana, terá lugar desde o día 4 de agosto ata o 7 e, está organizado pola asociación Teixo e o Concello de Sarria.

A música protagonista desta cita será do xénero blues, rhythm, and blues, rock&roll e soul. Ademais, durante estes días tamén se levarán a cabo exposicións, baile, actividades infantís, conferencias, actividades gastronómicas, cine, etc.

Esta iniciativa co nome Sarria&Blues no Camiño nace despois de que o pasado agosto se celebrara unha homenaxe ao artista sarriao Matías Moreno.

A Feculera será o lugar onde se celebre a actividade central, o concerto principal levando o nome de Matías Moreno Experience isto servirá como mostra de respecto e admiración a aqueles viaxeiros



que xa non están. Ademais haberá actividades no campo da feira, a sociedade A Unión e a Praza de Juan María López, xunto á igrexa de Santa Mariña.

O festival arrincarará o 4 de agosto coa inauguración, unha proxección do documental Lomax the songhunter, a actuación de Sebastopol e a presentación dunha

exposición de arte do pintor Pepe Farrés, o escultor Francisco Poy e o fotógrafo Carles Pericás.

Ao día seguinte, o venres 5, poñerán a nota musical Malditos Roedores, Louband, Hernán Senra 'Chino' e The Lazy Jumpers. Xa o sábado 6 o programa incluíra unha mostra de arte urbana e a inauguración dun mural e unha batalla de galos de hip-hop. Tamén terá lugar a presentación do libro de Héctor Martínez e as actuacións de Sweet Marta&Johnny Big Stone, Néstor Pardo Trío e Vanessa Collier.

O domingo 7 haberá un contacontos para nenos a cargo de Eva Antequera e unha mostra de coches antigos do club Clásicos de Sarria. No tocante á música Wax&Boogie, Andrea&The Black Cats, Blas Picón e Óscar Rabadán, e Bike&Lonesome, pecharán este festival.

**VTC**

# Urban

Hacemos tu camino  
**MÁS FÁCIL**

- Vehículos premium • Hasta 8 plazas
- Convenciones • Bodas
- Servicios a empresas
- Traslados a aeropuertos
- Nacional e internacional

Tfnos.: 659 160 498  
650 578 924  
669 422 320  
<https://urbantaxi.es/>

# “Estamos facendo un vídeo sobre doazón e transplante”

María Jesús Díaz-Freijo, coordinadora do transporte en Alcer

En 1981 nace en Lugo Alcer, co obxectivo de unir forzas entre os doentes renais, entre outras cousas, para poder achegarse, sen dificultade, aos centros de diálise. Hoxe, 41 anos despois, a asociación é moito máis que iso. Traballan a nutrición e atención psicolóxica e social dos doentes e das familias, así como na divulgación sobre as enfermidades renais. Un dos seus últimos proxectos na capital é a realización dun vídeo sobre doazón de órganos e transplantes, en colaboración co CB Breogán e o CD Lugo, para difundir entre o público infantil.

## Por que xorde esta asociación? Vese unha necesidade entre a cidadanía?

Un ano antes da nosa constitución abríra a clínica de diálise do doutor Criado. Entón, atopáronse coa necesidade de agrupar a todos os enfermos para buscar a maneira de solucionar o tema do transporte. Ese foi un dos obxectivos. Ademais, naquela época comezaban a crearse todos os ALCER provinciais, agora mesmo somos sobre 63 en todo o Estado. E estaban nacemento en todas as provincias. Era un pouco a necesidade de agrupar a todos os pacientes para pelexar, un pouco, por ter os servizos de nefroloxía, e polo transporte para poder facer a diálise.

## Que servizos realiza ALCER na actualidade?

Dentro dos nosos servizos, damos atención psicolóxica e nutricional aos pacientes. Hai atención de traballo social. E, na provincia de Lugo, temos o transporte de pacientes a diálise. Ese traslado de pacientes que organizamos en taxis, polo momen-

to, só existe na provincia de Lugo, na zona do Ebro, e, algo semellante, hai no en Madrid. O resto do Estado non o teñen. Nós témolo por un convenio de colaboración co Sergas, activo dende 2003.

## Que terían que facer os pacientes para beneficiarse dos seus servizos?

Para o transporte nada. Está aberto a todos os usuarios que van a diálise, a única condición é que teñen que valerse por si mesmos. Teñen que poder subir e baixar eles do taxi. Se non se valen por si mesmos, o Sergas ponlles unha ambulancia. E, despois, para a atención psicolóxica, nutricional e de traballo social, aténdese a todos os usuarios. Facemos unha atención xeral nos centros, temos convenio cos hospitais para facer unha atención xeneralizada a todos os usuarios que están en tratamento de hemodiálise peritoneal e domiciliaria. É dicir, a xente que está antes de ter un tratamento, a que está nun tratamento, independentemente do tratamento que teñan, hospitalaria, domiciliaria ou peritoneal. E logo, tamén para os transplantados. Doutra banda, as sesións individualizadas, de nutrición ou psicoloxía, si que teñen que ser socios. A cota de socios que se paga, a mínima son 15 euros ao ano, un café ao mes.

## Ademais da atención ao paciente, que máis ofrece a asociación?

Facemos actividades. Este ano creamos o proxecto catro estacións para todos, que son catro rutas accesibles cun guía, unha por estación do ano. Levamos dúas: a de inverno e a de primavera e, a seguinte, será o 10 de agosto, a de verán. Consegui-

mos que Diego As viñeira a pintar a fachada da nave onde estamos, que o fixemos en colaboración coa Asociación de Esclerose Múltiple, coa que colaboramos bastante.

## A pandemia para vós supoñeu que supuxo todo un reto...

Si. Aínda facemos talleres informativos de psicoloxía, de nutrición e de traballo social. Pero tiñamos ximnasia, coa que levamos dous anos parados, sen ter esa actividade, por mor da pandemia. Queremos retomala, pero os doentes renais son un dos colectivos máis afectados pola covid, taxa de falecemento foi dun 27% de pacientes en diálise. Polo que intentamos que queden nas súas casas. Facemos actividades ao aire libre e mantendo toda a seguridade. Sempre buscamos cousas que se poidan facer ao aire libre, pero todo o que sexan actividades en espazos pechados, está máis restrinxida.

E logo, pois tiñamos manualidades pero tamén está parado. Cada mes de decembro facemos, en colaboración co Concello de Lugo, o mercado Diversiarte, na que participamos todas as asociacións dedicadas a persoas con doenzas que hai na cidade. Son tres días, e os socios fan manualidades para vender no mercado.

## Facedes algunha actividade de divulgación?

Cara outubro ou novembro celébranse as Xornadas Renais. Este ano iríamos pola décimo quinta, a única que non se fixo foi a de 2020.

## Entre as actividades de divulgación, estades realizando unha peza audiovisual para os centros de ensino.



Estamos facendo un vídeo sobre o transplante e a doazón de órganos, enfocado, sobre todo, para os colexios, para primaria. Estámolo facendo en colaboración co Club Deportivo Lugo e o CB Breogán, porque os protagonistas son as mascotas. Está Rili, a nosa mascota; Maximus, a do CB Breogán; e Nabic, do CD Lugo. Trátase de explicar todo o que sería a enfermidade renal e a doazón de órganos, para os máis pequenos.

## Como xorde a idea de divulgar as enfermidades no público infantil?

Pois xurdiu a partir da idea de facer un concurso de debuxo infantil. Ao facer o concurso, démonos conta de que nin no noso concurso nin noutros medios tiñan moita forma de informarse sobre a enfermidade renal. E véusenos á cabeza a idea de facer algo que puidera explicar aos nenos todo o proceso, e de aí xurdiu o tema de facer o vídeo. Falamos co CD Lugo e o CB Breogán, a ver se querían colaborar e aquí estamos.

## Cando estará listo?

Estamos niso. A ver se para este mes podemos telo xa máis ou menos terminado para poder darlle difusión. Pero claro, polo momento, as dúas persoas que estamos facendo a montaxe do proxecto ningunha somos profesionais e estanos levando bastante tempo. Contabamos con ser máis rápidos pero foi inviable.

## Que outras actividades de divulga-

## ción ou formación levades a cabo?

Estamos entrando no tema de divulgación a primaria e secundaria. Agora, a través de FADAS Lugo, estamos a preparar un proxecto para a creación de unidades didácticas cos órganos máis descoñecidos, pero isto aínda está en cueiros. Queríamos comezar en setembro, levalo a cabo agora no verán. E ter material para levar aos colexios e institutos, facer charlas, explicar un pouco o tema da doazón de órganos, e levar todo o material desde a asociación para que sexa máis doado explicarllelo.

## Colaborades cos grandes equipos deportivos, con FADAS, algunha outra colaboración?

Si, colaboramos con Alucem; con Cocemfe, estamos acabando agora de dar un curso de formación. E coa Federación Alcer Galicia. Asemade, traballamos con Art for Dent, unha asociación centrada na síndrome de Dent, unha enfermidade renal, considerada enfermidade rara, e presentamos un proxecto Art for Dent ao concurso As Termas Suma. O ano pasado colaboramos con eles recollendo tapóns e, este ano, con este proxecto. Estamos abríndonos a colaborar todo o que poidamos. Tamén colaboramos co banco de tapóns de Aspnaís, logo de que Art for Dent tivera que deixar de recoller os tapóns en Lugo por falta de loxística.

## Queda algún proxecto de futuro?

Agora mesmo, temos moitas fronteas abertas. Metímonos en moitos xardíns este ano e, polo momento, non temos nada novo por diante. Pero xurdirá. Estamos en constante ebullición de ideas. Antes de rematar un proxecto xa estamos pensando no seguinte. Igual, se falamos nun par de meses xa temos cousas novas. Temos moito que levar a cabo, polo momento.

## Que tería que facer un doente para pórse en contacto con Alcer?

Pode achegarse á Casa Clara Campamor, na avenida Infanta Elena, na casa de asociacións. O horario de atención ao público é de mañá, de 09.00 a 14.00 horas. O teléfono de contacto, ao que poden chamar, é 619 609 797, tamén en horario de mañá. Poden informarse tamén no enderezo electrónico alcerlugo@gmail.com. E logo, na páxina web alcerlugo.org, hai un apartado cun formulario de contacto.

**ADARVE**  
SARRIA LUGO

**DÍA 25 JULIO**

SECCIÓN VERÁN A PARTIR DE LAS 13:00 CON  
**CHARANGA BRAVISTO**

**¡HABRÁ SERVICIO DE PULPERÍA!**

Rúa Calvo Sotelo, 211. 27600 Sarria - Lugo

**OSO BLANCO**  
LAVANDERÍA AUTOSERVICIO

WWW.LAVANDERIASOSOBLANCO.ES

AHORA PUEDES  
**PAGAR CON TU MOVIL**

1. Descarga OSO BLANCO LAVANDERÍAS
2. Regístrate
3. Busca la Lavandería

POR CADA RECARGA DE  
**10€**

TE REGALAMOS  
**1€**

Rúa Calvo Sotelo 20  
SARRIA - LUGO  
08:00 a 22:30

Rúa Calvo Sotelo 199  
SARRIA - LUGO  
08:00 a 22:30

# Un dobre derrubamento do viaduto do Castro corta a comunicación por estrada

O derrubamento de parte do viaducto do Castro na autovía A-6 en dúas ocasións diferentes sorprendeu por parte iguais a todos os gobernos así como a poboación. Do mesmo xeito, deixa a Galicia sen conexión coa meseta por autovía xa que a situación require un estudo en profundidade da situación e unhas obras posteriores que durarán meses.

Os derrubamentos producéronse en dúas quendas diferentes e en ningunha das dúas houbo que lamentar vítimas persoais, malia o aparatoso do sinistro.

Mentres as protestas pola situación continúan co Goberno local, o autonómico e o BNG implicados, búscanse as verdadeiras razóns do derrubamento. O derrubamento no viaducto da A6 puido deberse, segundo distintas informacións, a algún problema oculto da estrutura que puido pasar desapercibido no proceso de revisión da zona ou ben desencadearse como consecuencia dos traballos de reparación que se desenvolven dende hai un ano.

Os viadutos estaban a ser obxecto de obras de reparación, iniciadas o pasado mes de outubro de 2021, a través dunha declaración de emerxencia. Concretamente, a calzada sentido A Coruña estaba pechada á circulación e o tráfico estaba a ser desviado pola calzada sentido Madrid. Tras producirse o incidente, lembrou a ministra, pechouse inmediatamente, por precaución, a calzada sentido Madrid e o tráfico comezou a desviarse pola N-6.

A ministra de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana, Raquel Sánchez, transmitiu unha mensaxe de tranquilidade e destacou que o máis importante é garantir a seguridade dos usuarios. Ademais, insis-



tiu en que se reforzaron os estudos para determinar as causas dos incidentes e establecer unha folla de roteiro para chegar a unha solución canto antes.

**MEDIDAS.** Para garantir a circulación entre Galicia e a meseta, o Goberno desviou o tráfico rodado pola estrada N-6. O Executivo trasladou toda a información tanto á Xunta de Galicia como á de Castela e León, as dúas comunidades afectadas, coas que avanzou que manterá comunicación fluída sobre este dispositivo.

Paralelamente ás medidas de seguridade e de reordenación da circulación, o delegado indicou que o Goberno puxo marcha unha investigación para analizar as causas do suceso.

“Levará tempo e por iso pedimos tranquilidade e acougo, porque a prioridade é a seguridade”, afirmou. Así mesmo, informou de que neste mesmo mércores comezaron os traballos para a reconstrución da vía, de maneira que o tránsito poida resta-

blecerse canto antes no viaduto con todas as garantías.

José Miñones destacou que “a conexión de Galicia co resto do Estado é prioritaria para este Goberno”, polo que o Mitma poñerá todos os recursos necesarios recuperar o viaduto. Mentres tanto, o ministerio traballa “para buscar as mellores alternativas de comunicación que afecten o menos posible aos usuarios”, afirmou o delegado, que pediu paciencia e prudencia.

**DEPUTACIÓN.** O Pleno da Deputación reclama ao Estado o arranxo urxente do viaduto do Castro na A6. Unha moción presentada polo BNG e apoiada polo PSdeG e o PP reiteraba a esixencia de transparencia na información sobre as causas dos derrubamentos na A-6 e alternativas para a circulación mentras non se restableza o paso pola ponte do Castro.

No debate da moción, o voceiro nacionalista Efrén Castro fixo fincapé na necesidade de que o Estado habilite “solucións temporais

que permitan recuperar a máxima normalidade e seguridade na circulación por estrada ata que se restableza o paso pola autovía”.

Neste sentido, a moción nacionalista, aprobada por unanimidade, demanda “a creación dunha comisión de seguimento para a recuperación da infraestrutura coa presenza do Estado, da Xunta, dos sectores económicos e sociais afectados e das forzas políticas parlamentarias na que se fale dos prazos e dos medios necesarios”.

O BNG, que tomou a iniciativa á hora de presentar a moción para o pleno provincial, votou tamén a favor das propostas presentadas polos grupos socialista e popular, sinalando a necesidade “de unir forzas para estar visitantes e facer presión para que se cumpra co aprobado”, e o Estado responda á demanda de investigación, solucións temporais e prazos para a recuperación da infraestrutura.

## Convocados un ano máis os premios da calidade hixiénico-sanitaria Exceleite

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a orde da Consellería do Medio Rural que convoca para este ano os premios á excelencia da calidade hixiénico-sanitaria de produtores galegos de leite cru de vaca, coñecidos como premios Exceleite.


Esta é xa a sexta edición destes galardóns, tras a boa acollida das cinco anteriores entre o sector produtor lácteo galego. Trátase de recoñecer os gandeiros máis comprometidos co seu traballo e, polo tanto, coa calidade do leite que producen.

Os premios Exceleite distinguen as granxas en tres categorías en función do seu tamaño (pequenas, medianas e grandes) e, á súa vez, cada unha delas subdivídese en tres grupos, segundo o seu sistema de produción (intensivo, semiintensivo ou extensivo). Recoñécense ademais especificamente as mellores explotacións ecolóxicas.

Poderán optar a estes recoñecementos todas as explotacións leiteiras de gando vacún de Galicia que realizan os seus autocontrois de calidade no Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal), de tal xeito que consten na base de datos deste centro os resultados das mostras de leite correspondentes ao período de referencia, isto é, desde agosto de 2021 a xullo de 2022.

As explotacións deberán atoparse de alta no Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada (Recaldi) e, no caso das ecolóxicas, deberán estar inscritas no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega), así como cumprir outras características técnicas.

## SHOPPING CHINA SARRIA



Rúa Calvo Sotelo 128, Sarría - Tfno.: 691 830 698

# SARRIA

## As Aceas foi o destino do segundo ciclo de Paseos en Sarria



Os paseos guiados de balde que puxo en marcha o Concello de Sarria chegaron o pasado domingo 3 de xullo á súa segunda sesión, tendo como lugares de percorrido As Aceas e os arredores do río Sarria. O evento tivo unha variada participación de xente de distintas nacionalidades como

Perú, Venezuela, Moldavia, Lituania e Irlanda, así como veciños de Sarria, Lugo, Ribadeo e A Coruña.

O seguinte paseo programado para este verán será o 7 de agosto, de 11.00 a 13.00 horas. Calquera interesado pode efectuar a súa inscrición en [guidoturismo@gmail.com](mailto:guidoturismo@gmail.com).

## As alfombras florais volveron á vila no Corpus



Estaba fixado o traballo nas alfombras florais con motivo do Corpus Christi para o 18 e 19 de xuño. E así, ata a rúa maior ás 17.00 da tarde do 18, acudiron veciños desexosos de botar unha man na tarefa que rematou mostrando os seus froitos este domingo día 19. Dende o Concello de Sarria manifestaron o seu agradecemento

a cada un dos involucrados: “Un ano máis volvestes a conseguilo. Incansables e magníficos: así sodes e por iso foi posible”, aseguraron, ao mesmo tempo que aproveitaron para recalcar que fora “un pracer traballar con todos vós na calor, o frío e a choiva, durante o día e pola noite. Facedes que mereza a pena”.

## Miñones certifica unha achega de oito millóns para servizos

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, exemplificou en Sarria o compromiso do Goberno de España co municipalismo e cos pequenos concellos, e sinalou que o Goberno de Pedro Sánchez é a administración que máis inviste en Sarria e nos pequenos municipios con 8 millóns de euros a través de catro ministerios que farán de Sarria un concello mellor conectado, máis sostible e con servizos públicos modernos para a súa cidadanía.

José Miñones desprazouse este 22 de xuño ata Sarria acompañado pola subdelegada do Goberno na provincia, Isabel Rodríguez, para repasar o estado dos investimentos estatais neste municipio e na comarca de Sarria.

Alí reuniuse co alcalde, Claudio Garrido, a quen reiterou o compromiso do goberno de Pedro Sánchez cos concellos, sobre todo “cos pequenos concellos, que están chamados a ser os auténticos protagonistas do futuro de Galicia”.

Nestes momentos, o Goberno, a través dos Ministerios de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (Confederación Hidrográfica do Miño-Sil) e do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, está a contratar dúas actuacións que suman 2,7 millóns de euros. Por unha banda, a importante renovación do saneamento urbano, que acaba de adjudicarse, e que suporá a fin dos problemas históricos de saneamento da localidade ao renovar integralmente a rede de colectores e pluviais.

A outra actuación en contratación é a rehabilitación da ponte medieval de Áspera no Camiño de Santiago, cun orzamento de 260.000 euros (proxecto e obra). Esta actuación forma parte do conxunto de dez intervencións no Camiño de Santiago que está a executar o Ministerio de Transportes, en concellos da Coruña e Lugo por onde pasa



Reunión do delegado co Goberno

o Camiño Francés, cun investimento de case 5 millóns de euros.

**COMUNICACIÓNS.** O delegado do Goberno puxo a Sarria e a súa comarca no centro da renovación integral da liña ferroviaria entre Lugo-Monforte e Ourense, pois nesta comarca se está a executar a obra máis complexa tecnicamente das 71 que proxecta ADIF nesta vía. Trátase do novo túnel de Oural que contempla un investimento único de 51 millóns de euros.

A este proxecto sumarase proximamente a renovación de andéns, pasos inferiores e outras estruturas das estacións de Rubián, Oural, Sarria e Laxosa. Son 3,6 millóns de euros, xa contratados, dos que a maior actuación se levará a cabo na estación de Sarria, onde o ADIF construíra unha pasarela peonil sobre vías que permitirá non só conectar as vías senón tamén o núcleo urbano de Sarria e o barrio do Mazadoiro.

**EFICIENCIA ENERXÉTICA.** O delegado sinalou “a mellora dos servizos públicos e de comunicacións dixitais” como “unha das prioridades do Goberno nos pequenos concellos”. Así,

no caso de Sarria, o Ministerio de Traballo incluíu a oficina de emprego local no plan estatal de mellora de oficinas que financia o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do goberno. En Sarria, o goberno impulsará con 306.800 euros a renovación destas instalacións, que prestan servizo non só á cidadanía de Sarria senón ao conxunto da comarca.

No que respecta ás comunicacións por internet, o delegado incidiu que Sarria é un dos 278 concellos de Galicia que se benefician do Plan UNICO-Banda Ancha, que ten por obxectivo achegar a conectividade de alta velocidade a zonas que carecen deste servizo.

No caso de Sarria, o Ministerio de Asuntos Económicos, responsable do programa, acordou a extensión da fibra a 419 vivendas e empresas do municipio que non dispoñían deste acceso.

Por último, José Miñones lembrou que o Goberno, a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica, concedeu unha subvención de 3,2 millóns de euros ao Concello de Sarria para a renovación integral do alumbeado público do Concello, que xa afrontou.



**MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES**  
Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena

José Luis **MATANZA** 657 982 987  
SARRIA (LUGO)



# Vilapedre, o psiquiátrico esquecido do doutor Ricardo Núñez

O nome de doutor Ricardo Núñez tivo gran sona en Vilapedre e arredores a comezos do século XX, pois este distinguido psiquiatra foi o creador dun manicomio privado que asentou no seu lugar de orixe entre as décadas de 1910 e 1950. Hoxendía, calquera que se achegue ata a parroquia poderá observar o edificio onde a empresa de Núñez foi levada a cabo; dentro dese inmoble que fica recoñecido xa para a historia como o primeiro sanatorio mental da provincia de Lugo.

Con toda probabilidade, os visitantes que dirixan a ollada cara fachada do edificio non poderán eludir preguntarse como sería a vida dos doentes entre as súas paredes. Amais, ben seguro que tamén rondarán polas súas cabezas tantas atrocidades que por aquel tempo se realizaban cos sofredores de enfermidades mentais.

Porén, o médico Ricardo Núñez, según investigadores na materia, salientaba por xustamente proceder de xeito contrario. Así, tratoron de deixar esta premisa clara no seu estudo David Simón Lorda e Emilio González Fernández. Baixo o título: Historias del manicomio de Vilapedre. Ricardo Núñez Rodríguez, un atípico protopsiquiatra de la Galicia del siglo XX, ambos pretenderon divulgar o perfil deste personaxe médico á par que trataron de pormenorizar en torno á asistencia psiquiátrica na provincia de Lugo entre finais do XIX e comezos do XX.

**CONTEXTUALIZACIÓN.** Lorda e González na súa publicación detallan como Galicia “se incorpora tardiamente tanto á manicomialización da tolemia como á composición dun núcleo de formación universitaria psiquiátrica”. Neste senso, narran como en diversas cidades do territorio galego se formaron “celas e Salas de Observación de Dementes onde os doentes se recluían e logo, segundo os casos, eran derivados ao Manicomio de Valladolid”. Non obstante, a inauguración do Manicomio de Conxo en xullo de 1885 provoca que se poida “falar dunha asistencia psiquiátrica galega”. Mais este lugar, tal e como afirman os académicos que asinan o texto, axiña se transformou nunha usual institución privada con enormes intereses lucrativos “que cada día que transcorría se afastaba máis do teórico espírito caritativo dos seus fundadores”. E é que o xeito no que a igrexa compostelana actuou como pro-

pietaria directa do centro foi cargando con múltiples pagos aos seus usuarios.

Perante tal situación, no ano 1906 a Deputación de Lugo optou por plantarse e volver a enviar aos seus doentes a Valladolid, como xa se fixera con anterioridade. Porén, tan só tres anos despois, co gallo de ofrecer máis posibilidades na xeografía galega, xermolou en Vilapedre este proxecto de corte privado e obra do citado Ricardo Núñez Rodríguez.

**O MANICOMIO.** Desta institución privada sen fins lucrativos, desgrazadamente, a día de hoxe, todo tipo de historiais e informes médicos que o constituían fican extraviados. Mais o que si se coñece é que o doutor Núñez Rodríguez veu ao mundo no ano 1866, nunha casa de labregos pertencente a San Fiz de Vilapedre. E xa mozo, logo de estudar e exercer a súa profesión en Madrid, regresou a Galicia onde se concentrou, entre outras tarefas como a da creación dunha escola, en dar luz a tal idea con sede na súa propia parroquia.

Este sanatorio distinguiuse de outros en que aportaba maior liberdade aos pacientes que viñan recaer aló, así como tamén en que evitaba e emprego de métodos violentos tan comúns na época. Deste xeito, o director Ricardo Núñez concedía un trato máis cordial e cercán aos enfermos, propiciando saídas para que estes se relacionasen co mundo exterior e a súa xente. Incluso, contan veciños da contorna que el mesmo moitas veces ía ao mercado acompañado dos doentes que trataba.

Esta vida comunitaria que o patentador do hospital de Vilapedre quixo levar a término viuse incluso acompañada pola formación dunha biblioteca.

Pola contra, Simón e González suñan que na provincia de Lugo “nunca se abandona (do mesmo xeito que no resto de Galicia) a xestión de primeira liña de internamento nas celas e salas dos Hospitais provinciais” pois proseguiron estando activos.

Así mesmo, os investigadores recalcan que a Guerra Civil e a autarquía franquista acentuarían esta “liña asistencial deficiente en toda Galicia” e que en recintos como o de Conxo “os anos da posguerra e primeiro franquismo son anos de fame, alta mortalidade, tuberculose e unha difícil vida na institución”.

No tocante ao manicomio de Vilapedre, as estadísticas de 1943 confirman que a existencia de usuarios nas instalacións do psiquiátrico era practicamente nula “ao máximo catro enfermos”, sinalan.

A comezos dos anos cincuenta este deixaría definitivamente de funcionar, xa poucos anos antes da morte do seu patentador, a cal acontecería no 1958. Xa na metade desa década, a Deputación de Lugo executaría pola súa propia conta a apertura do Sanatorio Psiquiátrico Provincial, situado este en Castro Riberas de Lea.

**O PRESENTE.** Logo de que o establecemento fechase e deixasen de tratar nel aos enfermos mentais, este permaneceu durante moitas décadas cerrado. Houbo que agardar ata entrado o ano 2003 para que o edificio



se sometese a unha rehabilitación e fose aberto de novo, nesta ocasión realizando as funcións de hotel. Mais finalmente tamén rematou suprimíndose este servizo de hospedaxe ao público e o local pasou a dispoñer a súa planta de abaixo como unha cervexería e máis adiante coma un pub.

O pasado mes de decembro do 2021, o antigo sanatorio, que ten a súa ubicación na estrada que vai de Nadela a Monforte, saíu a subasta. O inmoble posúe unha valoración estimada de 675.000 euros.

Pola zona de Vilapedre aínda se recordan do popular doutor que a comezos do século XX propulsara a creación deste centro de saúde mental, un proxecto definido como partidario de ideas progresistas que hoxe, por fortuna, están máis asentadas



na nosa sociedade. Algúns recordan a Ricardo Núñez, outros cando naceron xa levaba moitos anos finado o famoso especialista. Non ben, a lembranza do que aquí sucedeu sigue estando presente cando se fai mención á psiquiatría galega, en concreto á historia do acontecido nesta rama da sanidade dentro da provincia de Lugo.

**Muévete a BigMat viñas**

982 530 060  
www.bigmat.es

BigMat Viñas en el Polígono de San Julián de la Vega de SARRIA con más de 6.000m<sup>2</sup> de instalación en baños, bricolaje, electricidad, fontanería, herramientas, jardinería, materiales de construcción, pinturas y decoración.

Parking gratuito Autoservicio

**CARNICERÍA Noda**

**TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA**

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA  
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

# “A xente pensa que mercar un can pódelle saír mellor que adoptalo”

Teresa Capellá, da Asociación pola Protección Animal Huellas de Sarria

## Como nace a Asociación pola Protección Animal Huellas de Sarria?

Huellas nace en abril do 2016 a raíz dunha conversa que mantiveramos co anterior goberno do Concello de Sarria para axudarlles a xestionar os animais que eles recollían. Comezamos un grupo de voluntarios, nun inicio eramos cinco e non nos coñeciamos entre nós. Logo desde abril ata novembro vimos que funcionabamos ben e foi aí cando decidimos formar a asociación.

## Que iniciativas ao longo deste seis anos destacarías?

En inicio axudar a preto de 400 animais e axudar a que a xente de Sarria teña conciencia de que existen animais abandonados, que se perden. O Camiño de Santiago é un punto importante onde se perden. Asemade, tamén fixemos concienciación da importancia do chip, da identificación animal, castración e por suposto a tenencia responsable.

## Para aqueles que desexen sumarse a este proxecto, que lles recomendamos que tivesen claro?

Principalmente que tivese claro que queren ter un compromiso estable. Ocorrénos que ao mellor algúns veñen soamente quince días e logo desaparecen. Por iso, nos interesaría que a xente que se animase a participar fose pensando para longo prazo. Hai moito que facer, somos moi poucos e todos o facemos no noso tempo libre. Moitas veces quixeramos facer moitas mais actividades na asociación pero por falta de persoal implicado non se pode. Agora mesmo o que máis nos fan falta son voluntarios. E é algo que non só nos ocorre a nós; todas as asociación da provincia de Lugo coas que conversamos quéixanse da escaseza de xente, algunhas mesmo pensan en deixar a súa actividade a causa disto.

## E de que maneira poden acceder a vós esas persoas que queiran impli-

## carse como voluntarios en Huellas?

A través da nosa páxina de Facebook, poden mandarnos un correo electrónico a huellasdesarria@gmail.com. Tamén poden enviarnos un whatsapp ou chamarnos por teléfono 644 74 18 25.

## A título persoal que vos reporta pertencer a huellas?

Huellas dá moitas ledicias; coñeces xente e formas un grupo de amizades, así como tamén tratas coas familias que deciden adoptar os nosos cans e gatos. Sobre todo, apórtanos a felicidade de que os animais atopasen unha casa. Tamén aprendemos a manexar as relacións persoais, redes sociais ou relación coas institucións. Calquera persoa que se involucre nisto coido que pode aprender moitísimo. Podes coñecer xente nova se es un recen chegado na vila e de paso saber máis acerca do comportamento animal, o cal despois podes aplicar para darlle uns mellores cuidados e atención aos teus.

## Hai algunha historia en especial que lembredes de todos estes animais que pasaron pola vosa asociación?

Teño moitos, mais quizais a que máis ledicia me deu se fose a un fogar foi unha cadeliña grifona, cremos que foi empregada para a caza nalgún intre. Era moi leda, moi activa e sociable co resto de cans. Porén, non sabemos por que, pasou tres anos connosco sen que ninguén se interesara por ela. Era unha cadela que sempre pasaba desapercibida. Mais de súbito un verán veu unha familia buscando un can e fixéronse nela. Foi das alegrías máis grandes! A día de hoxe vive en Madrid, relacionándose con todos os cans. Sempre a vemos en verán cando a familia volta acó e acórdase de nós!

Tamén veu unha mastina que viña nos ósos con 10 crianzas. Nós pensamos que non podería criar aos dez cachorros, pero sacounos

adiante. E xusto unha voluntaria quedouse con ela e cun dos seus fillos. Estivo coidándoa na súa casa e logo xa non quería desprenderse dela. Eu tamén teño dous na miña casa, viñeron para quince días e un leva cinco anos e outro tres.

## Tratades sempre de facerlle un seguimento a cada can que é adoptado?

Sempre. Normalmente hai moitas familias que xa sae deles; mandan un correo electrónico unha whatsapp enviando fotos dos seus animais. Logo a outros xa os contactamos nós e normalmente non hai problema en recibir un informe sobre como se atopan os cans. Tivemos algún susto ao chamar e que nos comunicasen que o animal fora cedido a un veciño. Asustámonos porque non queremos que haxa esa cesión, preferimos que se poñan antes en contacto con nós antes de que a dean sen avisar. Mais neste caso foi boa solución tamén; a nova familia púxose tamén en contacto con nós e moi ben.

Procuramos facelo, polo menos unha vez ao ano sabemos de todos os que pasaron. Por falta de tempo e persoal non o facemos coa asiduidade coa que nos gustaría. Normalmente as tres persoas da directiva repartimos os teléfonos e cada unha chama cada mes a onde lle é indicado.

## Que actividades vos gustaría facer se tiverades un maior equipo?

Pois gustaríanos facer máis quedas as fins de semana e saír fora, con máis paseos, ir ao monte ou mesmo polo centro de Sarria para que se acostumen a ir entre coches, con rúidos e máis xente. Eles viven nunha finca illada en plena natureza e non teñen os estímulos da rúa. Tamén nos encantaría facer máis mesas informativas; a xente pregunta, facemos novos socios, vendemos merchandising. Fáltanos xente que poida estar aí, pois nós temos difícil compaxinar ao ter que estar no refuxio, entrevistando posibles familias adoptivas, indo ao veterinario etc.

## Que lle diríades a esa xente que aposta por mercar un animal de compañía antes que adoptar?

Que hai opcións. Moita xente pensa que por mercar o can pódelle saír mellor que se vai a unha protectora ou refuxio. Pero non, ti podes ir a un refuxio e preguntar por tipos de cans. Agora mesmo, por desgraza, hai moitos tipos de cans, unha variedade infinita que se pode escoller antes de mercar. O importante á hora de decidir xa non é o aspecto



externo, senón procurar un can que se adapte ao teu estilo de vida, dependendo de se ti es máis caseira ou prefires saír ao exterior durante horas facendo longas camiñatas. Penso que iso é o que falla nas familias; frústranse por non atopar ese can que se adapte a súa forma de vida. Ás veces só pensan que, por exemplo, se vives nun piso precisas un can pequeno, mais non caen en que tamén é importante que se valore que sexa un can acostumado a estar máis horas só que se vives nun entorno rural.

## Como é o voso mercadillo solidario?

Agora abrímolos dúas veces á semana; o mércores e o venres pola tarde de 17.30 a 20.00 horas. Facémolo nun local que nos cedeu o concello e está no antigo ambulatorio. Hai un par de anos que os facemos. Tamén facemos algún puntuais na rúa e outras veces tamén nos deixaron outros locais como O Meigallo e demais aportados polos donos de cada local. Neste mercadillo o que conseguimos é fondos para os gastos. Vendemos cousas de segunda man doadas pola xente como roupa, libros, complementos, decoración, mobles etc. Facemos tamén a función de reciclar. A xente responde ben. Algunha vén habitualmente comprar e outra trae as súas cousas para vender. Por exemplo, temos unha señora que fai flo-

res coas cápsulas de café, xente que trae cadros pintados etc. Hai cousas moi bonitas!

## E agora que chega o estío e desgraciadamente somos testemuña do abandono de tantos animais, que diríades desde Huellas a esa xente?

Hai un pico por mor diso sumado a que maio e xuño é a época de celo de cans e gatas e xúntase todo. O primeiro que diríamos é que os esterilicen e castren porque evitas ter camadas que non queres e se nalgún momento vas considerar abandonar un animal non o collas. Ninguén manda telos, entón se non é unha obriga para que os tes? No intre no que abandonas un can, este perde a súa persoa de referencia e moitos deles están deprimidos unha tempada longa. O sentimento de abandono provoca isto.

## Que futuro se agarda para Huellas?

Vai depender moito dos que sexamos a medio prazo ou longo prazo. Non todas nosoutras imos poder estar aquí sempre. Entón se non hai ese relevo ao mellor Huellas ten que considerar disolverse. Non nos gustaría porque é unha parte importante das nosas vidas. Eu agardo que haxa ese relevo e que as voluntarias que temos, só somos mulleres, se impliquen un chisco máis para que a xente da directiva poida delegar nalgún momento.



# O goberno e o BNG acadan un acordo de investimentos

O goberno de Sarria e o grupo do BNG tomaron un acordo co fin de destinar 2,8 millóns de euros a distintos proxectos como o de impulsar o comercio local ou mellorar a pista polideportiva do colexio Frei Luis de Granada. Nesta última investirase unha contía económica de 250.000 euros e a obra ten como meta facer das instalacións un pavillón para uso do estudantado.

Para levar a término todo isto, realizaranse unhas modificacións de crédito que se tratarán no pleno deste xoves 7 de xuño.

Dentro destes investimentos, tamén se atopa o apoio ao comercio local, o cal rebirá 150.000 euros, unha proposta xa acordada entre as partes no 2021. O seu fin é impulsar que se merque nas distintas tendas a través dun sistema de troque de moedas ou bonos.

Ademais, entre outras moitas máis obras a executar, está prevista a ampliación do aparcamento do Campo do Río por 20.000 euros ou o traballo das beirarrúas do polígono de O Morelle, que custarán 31.950 euros. Tales investimentos, sumaranse aos acordados no pleno pasado, como os abastecementos de auga da Pena e Rosende con 180.000 euros, entre outros. Asemade, tamén se estima a remodelación da traída e o saneamento do barrio de O Mazadoiro por 225.000 euros ou de beirarrúas e servizos básicos servizos das rúas Fernando de Castro, Xoán Montes e un tramo de Diego Pazos.

As modificacións de crédito tamén teñen prevista a adquisición de cámaras para o control do tráfico por 130.680 euros, entre outros máis proxectos a realizar.

As modificacións de crédito tamén teñen prevista a adquisición de cámaras para o control do tráfico por 130.680 euros, entre outros máis proxectos a realizar.

## A Escola Oficial de Idiomas abre o proceso de selección

A Escola Oficial de Idiomas mantén aberto o prazo de preinscrición no curso 2022/2023 ata o 10 de xullo. O interesados poderán anotarse a través de internet, entrando na páxina web [www.eiodigital.com/preinsxunta](http://www.eiodigital.com/preinsxunta). A Escola brinda a oportunidade para aqueles que comecen as súas clases de integrarse no grupo de A1 de inglés, pasando por diferentes niveis ata chegar aos máis avanzados coma o C1.1. As clases están estruturadas para pequenos grupos en horario de tarde. O custe do curso ronda os 100 euros, que virían sendo un total de 120 horas. O pago pode realizarse fraccionado e tamén se dispoñerá de descontos en casos coma o de familia numerosa ou de discapacidade.

A fase de matrícula será aberta en xullo, nos días comprendidos entre o 12 e o 20 dese mes.

## O cemiterio municipal contará con 80 nichos máis



No cemiterio municipal de Sarria edificaranse 80 novos nichos. O Concello investirá unha contía de 89.995 euros nestas tarefas. Os nichos estarán estruturados en dous bloques. Amais, o proxecto tamén engade a posta en marcha dun almacén e a urbanización da zona. O proxecto será financiado con

fondos municipais. Así mesmo, o Concello tamén posúe a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a cal é precisa por cuestión de atoparse o cemiterio nas carcanías do Camiño de Santiago.

Cada empresa ten de prazo ata o vindeiro 4 de xullo para proñoer candansúa oferta.

## Sarria incrementou nun 10% a reciclaxe de plásticos, latas e bricks



Presentación da campaña

O Concello de Sarria logrou o obxectivo de incrementar nun 10% a reciclaxe de plásticos, latas e bricks con respecto a 2021, no marco da campaña Únete ao reto.

Así, na terceira edición desta iniciativa, impulsada pola Xunta co apoio de Ecoembes, foron 8 dos 13 municipios convidados os que acadaron ese reto -Ordes, Burela, Chantada, Sarria, Verín, Cangas, Moaña e Bueu-. Cada un deles recibiu un premio de 2.000 euros para destinar a unha causa social da súa elección.

Durante a entrega de premios celebrada en Chantada, Sagrario Pérez puxo en valor o compromiso das entidades locais con esta campaña e o seu esforzo para aumentar as súas aportacións de latas, briks e envases de plásticos nun 10%, como mínimo, en comparación co mesmo período do ano anterior. Así, desde o 1 de febreiro ata o 30 de abril cada concello participante contou cun

amplio programa de accións a pé de rúa, ademais dunha campaña de comunicación en medios, publicidade exterior e redes sociais co obxectivo de axudalos a activar e concienciar á veciñanza.

A maiores, a directora xeral subliñou que as 73.000 toneladas recollidas o ano pasado nos contedores amarelo e azul manteñen a tendencia de incremento da reciclaxe dos últimos cinco anos. Esta corrente positiva enmárcase no traballo conxunto desenvolvido pola Xunta, os concellos e Ecoembes para mellorar o depósito, a recollida e a posterior recuperación deste tipo de residuos.

Nesa liña, Sagrario Pérez eloxiou a participación de entidades locais en iniciativas como esta para mellorar a reciclaxe de envases no contedor amarelo e, tamén, para concienciar á cidadanía da importancia de continuar a separar correctamente os residuos domésticos.



**Brico Sarria**

-Pinturas -Barnices  
-Pavimentos -Decoración

Matías López, 80 - Bajo  
27600 - SARRIA - (Lugo)  
Tel/Fax: 982 53 25 35  
Email: [bricosarria@hotmail.com](mailto:bricosarria@hotmail.com)

## O Concello terá que pagar 73.380 euros por dúas demandas

Na última xunta celebrada por parte do goberno local de Sarria este autorizou o pago de dúas reclamacións de responsabilidade patrimonial por unha contía económica de 73.780 euros.

O gasto máis grande irá destinado á indemnización que deberá asumir o Concello da fábrica de As Insuas. E os outros 16.127 euros restantes veñen a causa dunha licenza que non se concedeu hai once anos para restaurar un inmoble situado no bulevar de Calvo Sotelo. En ambos expedientes, a xustiza fallou a favor dos demandantes. Por tanto, O Concello terá que aportar agora as pertinentes indemnizacións. No tocante ao primeiro caso de As Insuas, este recibirá esta

por "dano emerxente e o lucro cesante".

A segunda reclamación aconteceu no 2011 cando se pediu licenza de obra ao Concello para restaurar un inmoble no bulevar da rúa Calvo Sotelo. A empresaria que o pediu tiña intención de pasar o seu negocio a este punto. Ao ser esta demanda desestimada pola administración, a muller presentou un recurso no xulgado Contencioso-administrativo, o cal fallou dándolle a razón. O Concello recorreu dita sentenza, mais o TSXG ratificou o fallo. Malia todo, pese a que agora a Xunta de Goberno aprobou eses 16.126,93 euros de indemnización, os afectados reclamaban que lles chegasen maiores contías.

## O IES Xograr Afonso Gómez acada o primeiro premio Xeración Eco

Grazas ao traballo colaborativo de alumnado, profesorado e persoal de servizos o instituto IES Xograr Afonso Gómez de Sarria vén de gañar o 1º Premio no concurso autonómico Xeración ECO.

De outubro a xuño, o centro participou nun reto mensual co obxectivo de promover a sostiabilidade entre os membros da comunidade educativa. Eses retos foron valorados de forma moi positiva e o resultado final foi a obtención da mellor puntuación a nivel autonómico.

Este premio, valorado en 4.000 euros, consiste na dotación ao instituto de oito bicicletas para facer préstamos ao alumnado (catro de adulto e catro para rapaces e rapazas de 12 anos) e dun parking con dez plazas. Con elas o centro educativo seguirá a impulsar a mobilidade sostiible entre os membros da comunidade educativa ao igual que fixo ao longo dos últimos cursos.

Entre as moitas iniciativas desenvol-



vidas estiveron a presentación de propostas mediambientais ante o Concello, análise da contaminación por microplásticos no río, realización de mosaicos con envoltorios de chuches, realización dun truco-trato nos recreos dando lambetadas a cambio de tapóns de plástico (que enviaron para colaborar nunha causa solidaria).

enquisas para promover o aforro de auga nos fogares, elaboración de xabón reciclado aceite caducado dun

supermercado local, entre outras moitas máis. Ademais tamén promocionaron o sendeirismo e recolleron lixo da natureza, así como non se esqueceron de realizar o tradicional Concurso de Aulas limpas coa colaboración do persoal de limpeza do centro.

O IES Xograr Afonso xa fora premiado hai anos co distintivo Ecoaledor (Sogama) polas súas iniciativas sostiibles e tamén obtivera un accésit nos premios Aproema.

## Pilar Macía foi proclamada finalista dos premios da editorial Caligrama

Pilar Macía vén de situarse est 4 de xullo como finalista nos premios da editorial Caligrama. Todo grazas á publicación da súa novela Lobo. O galardón foi concedido dentro da categoría de Promesa na cal competiron 500 propostas. Asemade, o xurado tamén decidiu apostar pola súa novela, outorgándolle unha das mencións especiais.

Pilar Macía, a parte das labores de escritora, ten unha longa traxectoria

como mestra. E en plena promoción desta súa primeira novela xa anuncia que está en proceso creativo de outra. Namentres, os lectores que se acheguen ao primeiro libro desta muller procedente de sarria poderán gozar dunha obra de estilo policial, onde un sarxento intentará dar solución ao asasinato de dos anciáns. A entrega dos premios concedidos pola editorrial Caligrama aconteceu en Sevilla.



**CONSERVATORIO.** O conservatorio Cantiga celebrou o concerto de fin de curso e a graduación. O evento contou coa presenza do alcalde, Claudio Garrido; a directora do colexio da Mercé, Ángeles Núñez; e mestres que imparten aulas no conservatorio. Tamén se entregaron diplomas aos cativos máis pequenos que continúan en Cantiga coa súa carreira musical.



### CON LA MÚSICA A OTRA PARTE

en septiembre inauguramos NUEVAS INSTALACIONES en Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

ABIERTO PLAZO MATRICULA CURSO 22/23

Pide información o reserva tu horario en el: 687 58 25 59

Sesiones de muestra gratuitas



**DESCUBRE EL MÉTODO MUSICAEDUCA**  
Para aprender música jugando a partir de los 10 meses.

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación instrumental de 5 a 8 años.

**FORMACIÓN MUSICAL**  
Desde 7 hasta 100 años con metodologías activas e innovadoras para todos los instrumentos, individual y colectivas.

Lenguaje musical • Armonía

Refuerzo conservatorio y preparación de prueba de acceso.

# HEIKO

ESCUELA DE MÚSICA

paradela

## Paradela organiza viaxes á praia para este verán

O Concello de Paradela informa das viaxes que se realizarán á praia este estío.

Neste senso, para o mes de xullo están marcados os seguintes destinos: O día 14 San Cibrao, o 21 Tapia de Casariego e o 28 A Coruña. Xa no mes de agosto, o 4 será a quenda de Boiro, o 11 de Ares, o 18 de Viveiro e o 25 de Foz.

A hora de saída está fixada para as 9.00 da mañá, tendo como punto de encontro o Mercado Gandeiro de Paradela. Non obstante, para as viaxes de Riveira e Boiro a saída fica programada ás 8.00 da mañá.

O prezo é de 7 euros por cada viaxe para os empadroados no concello a partir de 14 anos

mentres que para os menores desta idade será gratuito. Os non empadroados terán que pagar un custe de 12 euros e os menores de 14 nesta caso si aportarán 6 euros.

A comida correrá a cargo dos interesados nunha actividade cofinanciada polo concello.

Todo aquel que desexe formar parte da actividade deberá anotarse chamando ao 982 541 101 e non serán admitidas solicitudes a partires das 14.00 horas da véspera de cada viaxe. Asemade, a máscara será obrigatoria durante a viaxe e os menores que vaian sós precisarán de autorización asinada por partes das persoas responsables deste.



**BICENTENARIO.** A localidade de Paradela celebrou este mes o bicentenario da súa constitución, celebración que se prolongará ata mediados de decembro. O primeiro acto foi a inauguración do Monumento aos Cabaleiros de Santiago, protectores do Camiño no que estiveron presentes os alcaldes das localidades da contorna. Abriron varias exposicións, que permanecerán abertas durante o verán e tamén houbo tempo para a música e para a poesía.

## O Concello de Paradela abre unha selección de persoal para o servizo de axuda no fogar

O Concello de Paradela fixo un anuncio público no que avanza que se precisa persoal de axuda no fogar para traballar na área de influencia do termo municipal, xa que deberán atender aos maiores usuarios deste servizo na zona.

Os interesados que desexen saber máis sobre as bases que deberán regular este tipo de contratos terán que contactar co departamento de servizos sociais do Concello de Paradela.

**MORENO**  
inmobiliaria

Paseo do Malecón, 10  
27600 Sarria- Lugo  
Telf. 982 530 454

[www.morenoinmobiliaria.com](http://www.morenoinmobiliaria.com)

samos

## A Deputación financia a mellora dos accesos e o abastecemento

### O servizo de augas chegará polo tanto a dez núcleos de poboación

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou no Pazo de San Marcos co alcalde de Samos, Julio Gallego Moure, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial destina 205.000€ para financiar integramente diversas actuacións de mellora dos accesos, pavimentación de vías públicas e abastecemento de auga en dez núcleos de poboación.

Por unha banda, grazas á aportación económica da institución provincial, vaise renovar a pavimentación dos núcleos de Bustofrío, Lastres e Outonín. Tamén se van pavimentar un conxunto de vías municipais: o que une Veiga e Sivil, o que vai de Lulle a San Román, e o que dá acceso a Gosende.

Con esta axuda da Deputación, así mesmo, está previsto realizar obras de mantemento e de mellora da traída municipal de augas aos núcleos de Vilaceite e Lamartín. Para todas estas obras é preciso realizar a redacción, a dirección e o plan de seguridade e saúde, que tamén financia a institución provincial. As dúas administracións consideran moi importante realizar estas actuacións debido ao desgaste que presenta o firme en todas estas estradas municipais, que ademais presentan anchuras irregulares que imposibilitan que os vehículos poidan circular con normalidade.

O presidente da Deputación destaca neste sentido a impor-



O presidente da Deputación e o alcalde de Samos

tancia destes traballos, que beneficiarán a numerosos veciños e veciñas do rural de Samos, que cada día usan estas estradas para desprazarse aos seus lugares de traballo ou para as súas xestións diarias. José Tomé subliña o bo resultado que ten a colaboración entre administracións para a cidadanía, “para mellorar o día a día da xente, sobre todo nun ámbito tan importante como é a mobilidade, que inflúe de maneira determinante na calidade de vida das persoas e na actividade económica”.

Nas súas palabras, o presidente tamén lembra a importancia de dotar dun servizo básico, como a rede de abastecemento de auga, á veciñanza de Vilaceite e Lamartín. Subliñou que isto

responde “ao noso compromiso de cooperar cos 67 concellos da provincia, teñan a cor política que teñan, para que poidan prestar servizos públicos de calidade e eficientes aos seus veciños e veciñas, o que favorece o seu benestar e contribúe a fixar poboación no rural”. “Dotar de servizos públicos aos veciños e promover o emprego sostible é a mellor política demográfica”, recalco José Tomé.

Con colaboracións como esta de Samos, explicou o presidente, “estamos demostrando que a Deputación é unha administración fundamental para o funcionamento dos concellos e para a prestación de servizos municipais, sobre todo no caso dos máis pequenos, que son a gran maioría da nosa provincia”.

**CAFETERIA**  
**POLO**

Tel. 982 530 021

**SERVICIO A DOMICILIO**

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

# Fiz Vergara, 25 anos pasaron sen ti e contigo

A localidade de Lúzara celebra o aniversario da morte do poeta con lembranzas de artistas que o coñeceron e admiraron

Esa tarde de xullo de 1997 cho-vera a cántaros en Santalla de Abaixo. Namentres enterraban a Fiz Vergara, Miriam crera extraviarse entre todos os amigos, veciños e familiares que se congregaran naquela despedida. Enterrábanos a el, a Fiz, ao poeta da Lúzara Xabreira que de pícaro brincaba valados e xogaba a guindar pedras ao río, quen sabe se cantando con aquela voz que pouco a pouco se foi perdendo igual ca mobilidade dun corpo que seguiu xirando a través da poesía, que proseguíu alentando por medio duns versos que ensinaban un mundo; un universo de seu que se asentaba en Santalla, cabo da súa irmá Irene, da Fonte da Cova, dos seus libros, da enfermidade, da impotencia de coñecer o destino e resistir o presente, sempre entre a poesía.

Daquelas Miriam non lera unha soa verba do que el escribira: “Sabía que era poeta, iso si. E tamén familiar da miña sogra, por iso fomos ao seu funeral”, explica. “Porén, algo quedara rumiando por dentro miña e días máis tarde, ao pasar por diante dunha biblioteca pública, foi cando me detiven para intentar pescudar entre os andeis algún libro seu”, rememora.



**“Era coma se nos seguise falando da outra beira e quixese continuar vendo o seu val a través da ollada de todos nós”**

“Non me interesara moito ata o momento a poesía. Foi por Fiz que me acheguei, pola curiosidade de saber. E dende logo, a obra á que accedín esa tarde non me defraudou”, reconece. Así, lembra como lle tremeron os dedos entre o papel ao toparse cos seguintes versos: “A través dos teus ollos eu contemplo/ a Lúzara Xabreira e limitada,/ cos seus tesos erguidos cara ó ceo,/ semellantes a enormes osos pardos”. “Sentín que se dirixía a min, con Vergara morto penso que o poema cobraba un significado distinto. Era coma se nos seguise falando da outra beira e quixese continuar vendo o seu val a través da ollada de todos nós”, relata. E neste senso, Miriam volve recordar aquela tarde na cal entre a auga se escoitara a música

da Quenlla e como ela mentres tanto quedara abraçada vendo a inmensa alfombra de coroas florais. “Nunca tantas vira! Puxéronas no centro e a xente ficou repartida entre os dous extremos”, detalla antes de concluír: “Pode soar frívolo dito así, non? Pero dentro da tristeza foi un enterro fermoso e vou explicar por que; ante o inevitable e devastador da súa morte, a xente reuniuse aló con tanto respecto e agarimo, que ese amor penso eu, era toda unha declaración de intencións; Fiz non marchaba, de certa maneira quedaba con eles, co seu pobo”. “Vaia se quedou con nós. Todas esas persoas que o coñecemos recordámolo agora e parécenos que non, que non puido pasar xa un cuarto de século”, comenta Manolo R., o cal mostra fachechoso unha primeira edición asinada do poemario de debut de Vergara, Pra vos, publicado

aló polo ano 1971. Dezaoito anos tiña daquelas o mozo Fiz cando viu a luz esta obra. Era o seu amigo, estudaran xuntos no instituto e Manuel recibira con entusiasmo a chegada desta publicación. Desá amizade que estableceron destaca sobre todo “a bondade e xenerosidade” que espallaba Vergara Vilariño en tódolos aspectos da súa vida. Debeu ser por esta época de estudos, cando pola mente do escritor rondou a idea de facerse químico. Pero este foi un plan que pouco a pouco foi perdendo forza grazas ás suxestións da súa mestra Araceli, quen logo de ler unha redacción súa o animara a dedicarse de cheo á literatura. Tería que agardarse ata entrados os setenta para que este seu primeiro poemario se vise materializado, o mencionado Pra Vós. Nesta obra que Manolo ensina, o creador porfiou en de-

nunciar as inxustizas sociais que percibía xa dende a súa xove idade. Tempo despois chegarían outros libros como Encontro cos tiburóns (1973), ou Orfo de ti en terra adentro (1976) e será neste último onde Rodríguez Yañez destaca que a mostra do “sentimento amoroso, nas súas múltiples vertentes, consegue agarimar todos os obxectos da existencia”. E é que o autor de Santalla asexuala a realidade lúzariña da cal se forma esa muller fantasiada, tan imprescindible na súa poética. Xa a comezos de 1982 saíra do prelo “Poeta muiñeiro á deriva”, onde o muiño vertebrará a estrutura do libro mentres o muiñeiro divaga entre o abafamento, a soidade e a enfermidade que o ataca e o deixa paralizado na súa Lúzara desde a cal lamenta: “Ai de min que me acho senlleiro// xunto ó vello muiño”. Estará só e coa ansia de

que esa namorada se achegue a el, transformada nunha “corza salvaxe”, mais padecendo sempre pola súa falta.

Xa en Nos Eidos da bremanza (1990), un dos seus traballos máis recoñecidos, daranse cita de novo os seus tormentos vitais no que será o seu poemario máis clásico. Pola contra, Pasotora de sorrisos (1993) e Animal sen fel (1998) envolveranse dunha maior ledicia por motivos diferentes, pois no primeiros festexará o amor partillado coa amada mentres que no segundo, seguindo a vida da súa cadeliña, concederá a esta algunha das características da muller.

Moitos destes poemarios, comezou a lelos Roberto A. con tan só 15 anos, durante o verán do 2010: “Recordo ir saltando duns poemas a outros, duns libros a outros... Tiña moi-

**“Foi e é un exemplo de traballo, resistencia, superación e loita”**

to interese por indagar na súa creación literaria”. Porén, se un poema lembra en especial é ese que foi caer nas súas mans a primeira vez que leu algo de Fiz: “Esa primeira composición que chega a nós é moi importante. Dela coido que depende moito a nosa posterior relación co autor...”, explica. E así volven saír dos seus beizos aqueles versos que o atraparon para sempre: “Ún xa non sabe que facer/ nesta vida/ Xa non sabe si será/ mellor deixarse caír/ na lama como un peixe morto/ ou seguir carrexando/ o seu noxo polas congostras (...)”. Roberto non chegou a coñecer a Fiz mais a través dos seus libros sentiuno como un amigo íntimo, con el medrou e fíxose mozo, abrazando en tantas ocasións a súa dor e soidade. E agora, 25 anos despois do seu pasamento, o rapaz que hoxe ten 28 anos salienta que o “legado máis emocionante” que alguén dedicado á literatura pode deixar é que “unha persoa coa que non coincidiches xamais tome nas súas mans un libro teu e o sinta coma propio. É outra forma de encontrarse”. Por iso, nin dúbida cabe que non se pode dicir que Fiz leve 25 anos ausente, pois mentres haxa quen ame e celebre a súa gran obra, este non morrerá, VIVIRÁ!

# “A miña maior descuberta foi a súa faceta de dramaturgo”

Entrevista a Xulio Pérez, amigo e mestre de lingua galega que mantivo unha forte vinculación co autor de Samos

**Recorda a primeira vez que se achegou aos versos de Fiz Vergara? Que supuxo para vostede a descuberta do autor?**

Non lembro con exactitude o momento exacto no que entrei en contacto coa poesía do Fiz. Probablemente foi na miña nenez da man dos meus veciños Pepe do Campo e a súa dona Mercedes. Os dous eran mestres en Cataluña e volvían a Bustofrío en canto remataban as aulas. Cando viñan nos veráns levábannos de excursión polas tardes e alí sempre había algún momento para a lectura, ben fose un poema, un conto ou algún relato. Foi nunha desas excursións onde coñecín o Fiz, sendo eu un neno de 10 ou 11 anos. Á súa poesía achegueime máis tarde, na adolescencia, no momento en que comecei a ter unha relación máis estreita con el. Da man do Fiz coñecín autores como Rimbaud, Baudelaire, Antón Tovar, Manuel María, Lorca, Rosalía, Novoneyra... Deses anos quedáronme gravados os versos iniciais do seu poemario Poeta muiñeiro á deriva:

*Chámote muller...*

*eu que non son mais ca un vello de vintetantas primaveras (...)*

Durante anos marteleáronme por dentro eses dous versos e a idea de como é posible sentirse vello aos vinte anos.

Porén, a meirande descuberta do Fiz foi, para min, a súa faceta de dramaturgo. Tivo lugar nos meus últimos anos do Bacharelato. Nun verán de comezo dos anos 90, o meu veciño e amigo Pepe do Campo coméntame a idea de representar a obra do Fiz O muiño vello nunca morrerá. Eu non a coñecía e tampouco fixera teatro anteriormente. O proxecto foi adiante: o Pepe dirixiunos a un grupo de rapaces e rapazas de Bustofrío, moitos deles veraneantes, que polas noites nos xuntabamos a ensaiar na súa casa. A representación tivo lugar na terraza da súa casa, ao aire libre, na véspera da festa en Bustofrío, un 24 de agosto. Resultou ser un éxito de público, ben é certo que xogabamos coa vantaxe de que familiares e veciños enchían as improvisadas gradas nas que se converteran os arredores da casa do Pepe. O Fiz comprometeuse alí a escribirmos outra obra se a representabamos o seguinte verán. E representamos unha segunda, e unha terceira e así ata rescatar dalgunha gabeta unha peza xa case dada por perdida como foi a obra As pulgas nunca dormen. Así foi como xurdiu o grupo de teatro Milrosas, nome que procede do título dunha das súas obras Cando a morte baixa a Milrosas e neva a retortoiro. Foi unha verdadeira escola de teatro e de vida pola que pasamos máis de cincuenta rapaces e maiores de Bustofrío, de aldeas dos arredores

e mesmo algúns veciños de Sarria que viñan todos os días aos ensaios. A min, persoalmente, o teatro de Fiz fíxome medrar como persoa. Grazas ao teatro perdín, pouco a pouco, a timidez e fun dominando o medo a falar en público. O teatro potencioume a autoestima nun momento tan complexo como é a adolescencia. O teatro permitíume coñecer o Fiz máis humano e, por extensión, coñecer un pouco máis Lóuzara, pois compartín con el moitos momentos en Santalla falando de personaxes das súas obras, de palabras ou expresións que descoñecía, etc.

**Como definiría a relación de Vergara Vilariño coa súa Lóuzara Xabreira? E coa súa enfermidade?**


O colexio público de Lóuzara, hoxe pechado pola falta de nenos, leva o seu nome. Podería ser algo anecdótico mais non o é. O Fiz participou activamente na vida cultural da zona. Eu xa non estudei neste colexio pero si fun a actos de Nadal, Letras Galegas ou fin de curso nos que case sempre estaba Fiz. No colexio público Fiz Vergara Vilariño tivo lugar a presentación da Asociación Cultural Val de Lóuzara no ano 1993, da cal formei parte na súa fundación xunto ao Fiz. Entre os obxectivos da asociación marcarámonos a dinamización da vida cultural de Lóuzara. E niso traballamos con maior ou menor acerto durante anos. As terras de Lóuzara e as súas xentes están presentes nos versos do Fiz, no seu teatro e en moitos dos seus artigos xornalísticos. Captou a esencia louzariña fixándose en personaxes coetáneos seus como O Gudín de Praducelo ou o Caxeno de San Xoán, personaxes que inmortalizou nalgún dos seus artigos xornalísticos. Lóuzara formou parte esencial do seu cosmos literario e vital. Á parte de ser un louzarán máis, Fiz foi, para os louzariños, o noso Fiz, o noso escritor. Co seu enxeño inmortalizounos un pouco a todos. Soubo empatizar coas clases humildes e populares, por iso era e é tan querido entre os seus. Alén diso, dignificou a nosa lingua co seu bo facer.

**Que supuxo para vostede coñecer ao poeta? Atopaba diferenzas entre o autor a trato persoal e a súa obra?**

Fiz marcou, para ben, a miña vida. Foi unha das primeiras persoas con discapacidade, ou diversidade funcional como se lle chama agora, coas que tratei. Lembro a angustia que me causaba intentar comunicarme

con el as primeiras veces que estiven na súa casa. Co paso do tempo chegamos a falar de todo, o Fiz era un gran comunicador e tiña moita retranca. Simplemente foi cuestión de explorar outras linguaxes corporais para poder comunicarnos. Chegaba coa súa ollada, transparente e cristalina coma a auga da Fonte da Cova, para entendela.

Para min foi un referente cultural, memoria e voz dunha Lóuzara que estaba esmorecendo mais, sobre



todo, foi un amigo co que compartín moitas vivencias. Foi e é un exemplo de traballo, resistencia, superación e loita. Na actualidade dedícome á docencia, son profesor de Lingua e Literatura Galega. Estou nun centro en Ourense que é unha referencia no traballo con nenos e nenas con algunha diversidade funcional. Algo en todo isto tivo que ver o Fiz, moito seguramente.

**Anos despois de morto Fiz Vergara, que recordo común pensa que gardan del os louzariños?**

Difícil resposta pois non é doado coñecer o que pensan todos os louzariños, aínda que cada vez quede menos xente no noso val. O que si podo afirmar é que a xente de Lóuzara que o tratou garda un recordo bo do Fiz, pois era unha persoa participativa, solidaria e empática cos seus veciños. En calquera acto cultural que tivese que ver co colexio, principal axente dinamizador da zona, alí estaba o Fiz, como xa dixen anteriormente. E non lle tremía o pulso para denunciar as inxustizas sociais e o abandono secular ao que estivo secularmente sometida esta parte do rural galego. Por iso era moi querido.

**E as xeracións futuras, como agarda que sigan tratando o legado de Vergara Vilariño?**

O futuro sempre ten, por sorte, ese punto de incerteza que fai atractiva a nosa existencia. Sobre as xeracións futuras non me atrevo a aventurar demasiado. Cóntame que para a xeración actual o Fiz está vivo. En Sarria hai varios colectivos e institucións, tanto públicas coma privadas, coma Ergueitos, o concello ou mesmo o profesorado do IES, que manteñen viva a memoria do Fiz organizando actos divulgativos ano tras ano. Nese senso, creo que os alicerces que se están pondo son sementeira de pervivencia do legado do Fiz.

**Para alguén que non se achegase nunca á obra do poeta de Santalla, que libro ou poema concreto lle recomendaría vostede?**

Como libro recomendaríalle Pastora de sorrisos. Esta obra contén, para min, algúns dos mellores sonetos escritos en lingua galega. Por outra banda, o dominio da linguaxe é exquisito. Se teño que recomendar un poema quedaríame con Galo mudo, do seu libro Nos eidos da bremanza.

**Como mestre de galego, que considera que pode achegar a lectura de Fiz Vergara aos máis novos?**

En primeiro lugar é un exemplo de loita e superación persoal, un exemplo de vida. Iso sería, para min, unha das achegas máis importantes para os máis novos. Pero non o é todo, pois deixariamos fóra o seu compromiso coa terra, coa fala e a empatía coas clases sociais máis desfavorecidas. Fiz tiña o don da palabra e unha sólida formación cultural coa que nos dignificou a todos, non só aos louzariños. O seu exemplo dista moito do mundo excesivamente dependente do efémero e do que digan ou deixen de dicir de nós as redes sociais. Eses son os valores, entre outros moitos, que lles pode achegar ás xeracións máis novas.

**Hai tempo suficiente nas aulas para dar a coñecer ben os nosos escritores ao alumnado?**

Os programas educativos son inabarcables, ás veces cargados con demasiados conceptos teóricos e abstractos. Peneirar o esencial do accesorio tamén é o noso labor como docentes. Nas miñas aulas lemos case todos os días en voz alta calquera tipo de texto, ben sexa literario, xornalístico ou doutra tipoloxía. Lémosto e comentámolo desde diferentes ópticas. Para saborear un doce non se me ocorre outra maneira ca comelo. Pois coa literatura, e en concreto coa poesía, pasa igual. Pouco

importa a memorización rutineira de listaxes de autores e obras se non se escoita a sonoridade dun poema, e non digamos xa da dicción, o ritmo, as pausas... Nunca me acerco nin de lonxe ao remate do programa de cada curso, creo que ninguén. Tampouco me me quita o sono. Se na clase de Lingua e Literatura Galegas non creamos as condicións necesarias para saborear literatura onde se vai facer? A maioría do meu alumnado nin fala nin le en galego fóra da aula. Se non o facemos alí... Eu saco tempo para a lectura diaria, polo menos ata o día en que algún inspector/a de educación se pare a ler as farragosas memorias de fin de curso que nos piden e vexa que quedou sen dar a meirande parte do temario que marca a Consellería. Para cando chegue ese día espero estar xa xubilado.

**Por volta de 25 anos do seu pasamento, hai moitos que levan anos agardando ese Día das Letras Galegas para Fiz. Que considera que achegaría telo a el como homenaxeado?**

Vaia por diante que eu non son partidario do Día das Letras Galegas tal e como se fai hoxe no noso país. O feito de convertelo en día non lectivo e equiparalo a un festivo máis acabou co sentido da data. Outra cousa sería que este día se convertese na festa da palabra e do autor/a homenaxeado, como se fai no San Jordi en Cataluña. Pero ese é outro tema que non imos tratar aquí.

A efeméride tivo a súa razón de ser nun momento histórico e cultural determinado. Foi por volta de 1963, en pleno franquismo, cando tres membros da Real Academia Galega, Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego presentaron nesta institución a proposta de celebrar o 17 de maio para recoller o “latexo material da actividade intelectual galega” conmemorando así o centenario da publicación de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro, obra fundamental, como ben sabemos, do Rexurdimento literario galego do século XIX.

Agora ben, o feito de homenaxear un autor/a en si non me parece mala idea pois permite que se coñezan e estuden aspectos da súa vida e obra que doutro xeito non chegarían ao gran público. Mellor nos iría como pobo se as creacións literarias dos nosos escritores/as chegasen máis e mellor ao conxunto da cidadanía e non quedasen circunscritas ás aulas de Lingua e Literatura Galegas. Neste senso, coído que si sería importante que se lle dedicase o Día das Letras Galegas ao Fiz para aprofundar na súa obra e divulgar a riqueza do seu legado máis alá do ámbito estudantil e estritamente académico.

# Lucía Pérez e Eva Iglesias amosan a nova versión de 'A Sementeira'

A *Sementeira* foi un tema popular convertido en éxito aló polos anos setenta grazas ao emblemático grupo musical Fuxan os Ventos. Arestora, a canción volve estar de actualidade por mor de que Lucía Pérez e Eva Iglesias se animaron a xuntar as súas voces para cantar esta peza. Deste xeito, Pérez manifesta o fermoso que foi unirse con Iglesias: "Sempre é bonitos xuntarse e mesturarse. Iso enriquece a profesión e estamos en tempos nos que aínda o hai que facer máis", explica a artista do Incio.

Neste senso, relata que o de cadrar con Eva foi produto dunha "coincidencia" porque se atoparan anteriormente en varios proxectos e ambas manifesta-

ran as ganas de sacar un tema conxunto. E así, Lucía Pérez foi a que propuxo A Sementeira, pois xa anteriormente fixera outra versión "máis discotequeira para un programa da tele" e ao haber "poucas versión sobre ela pois animámonos a plasmala", comenta a intérprete. E agora, unha vez lanzado o sinxelo, a cantante asegura que están "todos moi contentos pola boa acollida que está recibindo", pois un dos fins de sacar este tema tamén era que seguisen estando vivas e de actualidade "cancións que calaron tanto nos galegos".

Dende logo, non é esta a primeira vez que Lucía Pérez se atreve a facer a súa propia versión de cancións que foron obra de gru-

pos recoñecidos galegos como é tamén o caso de Xocaloma. A artista conta que toda esta longa tradición de formacións musicais galegas está moi presente na súa carreira "porque foron grupos e cancións que tiveron moita pegada en nós e nos nosos pais. E cando hai un traballo ben feito, cando esa canción ten algo sabe perdurar no tempo", afirma á par que reivindica: "Todos eles fixéronnos o camiño moito máis doado aos que estamos agora e esa é unha escola grandísima da cal todos bebemos e aprendemos". Por outra beira, no referente ao estío, Lucía Pérez relata que o terá "a tope de traballo" e que estarán actuando "por Galicia e por fóra dela". Asemade, expresa



que tanto ela como a súa banda se atopan "ansiosos de escenarios e aplausos, con moitas ganas de comezar xa".

E é que se algo teñen claro Pérez e o público que a sigue é que a ilusión pola música daquela rapaza que foi coñecida a través da Canteira de Cantareiros no ano 2002 non se perdeu. "Se se perde ilusión como que a cousa non funciona. Esta profesión ten

cousas tan maravillosas e outras non tanto pero é así, todos os traballos teñen a cara A e a cara B", explica antes de recalcar: "Se existise algún momento no que eu perdesse a ilusión significaría que isto xa non me enche a vida. Mais sigo coa mesma ilusión e ganas có primeiro día. Síntome afortunada de poder camiñar e vivir do que é o meu soño dende nena".

## COÑECENDO A...

**1. O principal trazo do teu carácter?** O positivismo

**2. Que calidade aprecias máis nun home?** A sinceridade e o respecto.

**3. E nunha muller?** O mesmo.

**4. Que agardas das túas amizades?** Que me digan sempre a verdade; as cousas que fago ben e as que non fago tan ben.

**5. O teu principal defecto?** Moitas veces son algo insegura, non no profesional pero si no persoal.

**6. A túa ocupación favorita?** O meu traballo. Poucas persoas podemos dicir que gozamos co noso traballo pero eu é o que sinto. A música é a miña vida. Logo hai moitos hobbies pero a miña ocupación favorita é a música.

**7. O teu ideal de felicidade?** Facer o que me fai sentir a gusto, ter as persoas que quero preto miña para compartir os momentos bonitos porque a vida hai que compartila coa xente que amas e queres.

**8. Cal sería a túa maior desgraza?** Sempre penso en cando faltan os meus seres queridos. Todo iso de facerse maior e que o tempo pase...

**9. Que che gustaría ser?** Gustaríame ser unha muller sempre feliz coa música ao meu carón. Facerme vella así.

**10. En que país desexarías vivir?** Ao mellor me iría unha tempada a Chile. De aló xa estiven en Santiago e Viña del Mar.

**11. A túa cor favorita?** O branco de pureza. Eu son moito de cores, no meu xeito de vestir sempre me acompañan as cores.

**12. A flor que máis che gusta?** A margarida, esas flores do comezo da primavera. Si, quedaríame coa sinxeleza dunha margarida.

**13. Que paxaro prefires?** Curiosamente a miña casa chámase a Casa do Paxaro porque antigamente os meus antepasados tiñan unha cantina na que había un loro e así lle quedou.

**14. Os teus autores/as favoritos**



**en prosa?** Pois lin hai tempo a Dolores Redondo e gústame moito.

**15. E poetas?** Vou tirar para a casa, pois teño un gran poeta nela que é meu irmán Xavier Vizcáino. Escribe cousas maravillosas!

**16. Un heroe de ficción?** Case me quedaría con heroínas.

**17. Unha heroína?** Prefiro as heroínas de carne e oso como as nosas ancestras.

**18. O teu músico ou música favorito?** Agora mesmo estou escoitando moito a Mon Laferte, cantante chilena e á portuguesa Carminho.

**19. O teu pintor ou pintora preferido?** Pois gústame moito a obra de Xosé María Barreiro.

**20. O teu heroe ou heroína na vida real?** Quedaríame coas heroínas da xeración das nosas avoas. Elas si que son realmente as heroínas invisibles que tiveron que loitar, traballar e sacar adiante a toda a familia.

**21. O teu nome favorito?** Aurora era o nome da miña avoa e encántame e Delia tamén me gusta, mais se teño que escoller fico con Aurora.

**22. Que hábito alleo non soportas?** O desorde. O moito desorde ponme moi nerviosa e descolócame. Así como tamén a impuntualidade.

**23. Que é o que máis detestas?** A falsidade, o feito de non dicir as cousas por diante.

**24. Unha figura histórica que che poña mal corpo?** Diría a Hitler, calquera persoa que prive a nosa liberdade como é o caso dos grandes ditadores.

**25. Un feito histórico que admires?** A defensa de A Coruña de

María Pita en 1589 fronte aos ingleses.

**27. Como che gustaría morrer?** Gustaríame morrer feliz, pero xa que un morre non morrerá feliz. O que si me encantaría é que cando eu morrese a xente me recordase de forma positiva; que lembren cousas bonitas, as miñas cancións...

**28. Cal é o estado máis común do teu ánimo?** Miña nai dime que eu dende sempre me erguín cantando e feliz e esa é a miña forma de ser ata día de hoxe. Son alegre aínda que hai intres para todo.

**29. Que defectos che inspiran maior indulxencia?** Iso da palabra defecto non sei se me gusta moito. Dende logo, hai cousas que temos que mellorar e mudar. Pero defecto que ao mellor hoxe significa para ti iso logo non o é tanto. A vida vai tornando tanto e nos vamos tornando con ela...

**30. Tes unha máxima ou lema de vida?** A esta vida viñemos para ser felices, así que penso que debemos buscar sempre aquilo que realmente nos faga sentir ledos dentro da tolerancia e do respecto.

Queres publicitar o teu negocio de forma eficaz na comarca?

SARRIAXA

## Abrirá o vindeiro curso unha nova Casa Niño na parroquia de Eirexalba

Johanna López é a promotora da Casa Niño Cabianca, que este curso abrirá as súas portas no local social de Eirexalba (O Incio).

A moza elixiu o nome de Cabianca para o seu proxecto por ser o nome dunha das fincas de toda a vida da casa do seu avó, como un recordo que ten ela desde nena, escoitar “vamos a Cabianca apañar castañas”.

Johanna quiere agradecer a boa acollida que tivo por parte dos veciños e veciñas e o ben que están respondendo á iniciativa.

Estas semanas faranse as obras de adaptación do espazo da Casa Niño para que estea lista de cara ao vindeiro curso.

En cada casa niño unha profesional atende a 5 pequenos de entre 0 e 3 anos, de luns a venres, para que as súas familias poidan conciliar a vida laboral e os pequenos estean coidados e xoguen coas actividades que os estimulen.

As persoas interesadas en obter máis información sobre o servizo e as instalacións poden chamar ao 653 56 15 16.



## Dentro do programa Holapueblo loita contra o despoboamento



O Incio forma parte da terceira edición do programa Holapueblo. A plataforma pelexa contra o despoboamento co fin de sumar novos veciños a concellos de todo o territorio español con menos de 2.000 habitantes.

Nesta terceira edición foron escollidas 80 aldeas de toda España, entre as que se atopa o municipio de O Incio para participar nun programa nacional que ata o intre logrou que 19 concellos de 14 provincias gañen poboación, Así mesmo, en Galicia tamén están seleccionados os concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Quiroga, Ribas de Sil, Sober e Parada de Sil.

O proxecto patentado por AlmaNatura e impulsado por el Grupo Red Eléctrica e IKEA, coa colaboración de Triodos

Bank, Fundación Triodos, Correos e Reale Seguros, ten como meta impulsar a repoboación nas áreas rurais, facilitando o contacto de persoas que desexen facer realidade o seu proxecto de emprendemento no medio rural e as aldeas en busca de novos habitantes.

Asemade, desde Holapueblo presentan unha oferta privada e outra municipal para os interesados en crear un novo fogar en O Incio. A primeira mostra unha “variedade de vivendas en venda e apartamentos dispoñibles en aluguer dende 250 euros ao mes”. Por outra beira, no segundo caso explican que a vivenda municipal estará “suxeita á dispoñibilidade e cumprimento dos criterios que o Concello dispoña”.

## Trascastro, candidato ao premio Pueblo Agrícola Gallego del Año

Trascastro do Incio pode chegar a acadar o premio Pueblo Agrícola Gallego del Año. A aldea pertencente ao Concello do Incio foi a primeira da provincia de Lugo en ser declarada como aldea modelo.

Por mor disto, “realizouse unha intervención na estrutura da propiedade das terras, unificando 178 parcelas dun centenar de propietarios e poñéndoas ao dispor dun gandeiro que a dedicará á produción de carne de vaca cachena”.

Asemade, “renovouse o manexo das cabezas de gando” empregando para isto uns colares que posibilitan a súa xeolocalización.



Trascastro compite nesta ocasión con outras tres propostas que son Mesía, A Veiga e Meixi-

de e os interesados en formar parte desta escolla poderán votar en [www.mejorpueblo.es](http://www.mejorpueblo.es)



# SALUDx10

**PROGRAMAS PERSONALIZADOS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y NUTRICIÓN PARA:**

- Pérdidas de grasa
- Fortalecimiento de todo el cuerpo
- Tratamiento y prevención de problemas de espalda
- Recuperación de una lesión

**GRUPOS DE ENTRENAMIENTO AL AIRE LIBRE**

**1 CLASE GRATIS ¡INFÓRMATE SIN COMPROMISO!**

Curros Enríquez, 1 Bajo, Sarria  
[www.saludx10.es](http://www.saludx10.es) / [info@saludx10.es](mailto:info@saludx10.es)

 625 618 335
  Saludx10
  Saludx10



**ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS**

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

 Entra e infórmate!

 982 876 681

 [sarria@xenera.com](mailto:sarria@xenera.com)



**XENERA**  
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal compañía eléctrica de Galicia. Con máis de 130 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de XENERA

# Manuel Rodríguez abrirá a Festa do Peregrino

O Concello de Triacastela celebrará o vindeiro 16 de xullo a terceira edición da Festa do Peregrino, cuxo pregón correrá a cargo do xornalista, investigador e técnico do Xacobeo, Manuel F. Rodríguez, natural de Sarria.

O Goberno local destaca a súa dilatada traxectoria de promoción cultural, asociacionismo e investigación e, sobre todo, o seu traballo a prol da promoción e mantemento do Camiño de Santiago a través da súa participación na xestión do Plan Xacobeo.

A celebración dará comezo ás 11.30 horas coa apertura dos postos de artesanía na Praza da Deputación e animación na rúa

a cargo do grupo Gaitas Xiada e Panderetas Xiadiña.

Ás 12.00 horas farase a inauguración da exposición Cova Eirós na Fonte do Lunar.

Ás 12.30 horas levarase a cabo a presentación do libro da autora local, Mirella López Díaz, Breicar en el Camino de Santiago.

De seguido, Manuel F. Rodríguez pronunciará o seu pregón ás 13.00 horas.

Ás 16:00 horas será quenda do obradoiro creativo 'Escultura Kaos' e ás 17.00 horas levarase a cabo o taller de impresión de papel Amorote.

Ás 19.00 horas haberá un espectáculo de títeres tradicionais, Dona barriga verde a cargo de

Larraitz Urruzola.

A xornada remata coa actuación musical da banda de rock Sound Sisters.

A rexedora, Olga Iglesias, anima a participar neste evento que pretende "manter viva a chama do Camiño Francés" e enxalzar "a tradición xacobeá de Triacastela, final de etapa dende o Códice Calixtino".

"Vai ser unha homenaxe ao Camiño e a todas as persoas relacionadas con el, tanto as da localidade como as que cada ano chegan ata Triacastela", afirma. Destaca ademais a importancia de contar cun programa pensado para todos os públicos e de todas as idades.



## Comezan na Balsa as obras de mellora no Camiño de Santiago

O Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana empezou coas labores de rehabilitación de A Balsa, en Triacastela.

O plan baséase en optimizar a contorna da capela de San Antón; para iso, efectuarase un drenaxe perimetral coa intención de recoller as augas, favorecendo así que non danen os seus muros. Ademais, tamén se reporá e pintará o enfoscado exterior da ermida e a edificación dunha praza pequena.

A Balsa contará así con novos servizos coma outros puntos de luz amais da melloras no pavimento, entre outras moitas máis melloras. Estas obras deberán ser rea-



lizadas nun prazo de dez meses, polo que se estima que estarán acabadas entre finais do 2022 e

comezos do 2023.

Os traballos conlevan unha contía económica de 603.723 euros.

## En marcha un ciclo de paseos guiados

Os paseos terán lugar os días 17 de agosto, 25 de setembro, 15 de outubro e 5 de novembro. Van ser catro saídas gratuítas e están pensadas para todos os públicos. Esta iniciativa correrá a cargo de Guido Guía, guía oficial de Turismo de Galicia especializado na nosa provincia e que vén de acadar distintos premios nos últimos anos polo seu proxecto turístico e a súa traxectoria profesional.

Percorrerase o centro urbano de Triacastela e a súa contorna: A primeira data o 17 de agosto, coincidindo coa Festa de San Mamede, e as tres seguintes en varias fins de semana do outono.

Catro itinerarios diferentes que o Concello de Triacastela pretende consolidar no tempo e sumar así un novo servizo turístico e alternativa tanto para as nosas e nosos visitantes como para as propias e propios habitantes da comarca.

A hora de inicio dos paseos será ás once da mañá e terán unha duración de entre 2 e 3 horas. A dificultade dos paseos será media e media-baixa.

Para inscribirse nestes paseos hai que enviar un correo electrónico a Guido no seu correo [guidoguia-turismo@gmail.com](mailto:guidoguia-turismo@gmail.com) e confirmar a asistencia.

## Abre o prazo para anotarse nas actividades infantís de verán

Fica aberto o prazo de matrícula para as actividades de conciliación familiar establecidas cara os meses de xullo e agosto, no Concello de Triacastela. O horario destas será das 10.00 da mañá ata as 14.00 da mediodía.

Neste senso, "serán prioridade os nenos empadroados no concello ou escolarizados no colexio de Triacastela e logo o resto de nenos ata cubrir as prazas".

Os interesados poderán apuntarse chamando ao número do concello: 982 548 147 en horario de de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas.

**ZUMBA.** As clases de zumba continúan sendo ofertadas durante os meses de xullo e agosto deste verán do 2022. As persoas que estean interesadas poden escoller entre ir a clases soltas só un dos días ou todo o mes. Asemade, para asistir a elas non se require que os alumnos sexan da localidade, podendo participar quen o desexe.

As clases serán impartidas todos os martes de 21.00 horas a 22.00 da noite no polideportivo do Colexio. As persoas interesadas poden anotarse ou pedir información chamando ao 686 47 34 14.

## Carmela Cela difunde a figura das mulleres científicas en Galicia

Carmela Cela, procedente de Triacastela, inicia *Galegas na Ciencia* na súa canle de Youtube, que constará dunha serie de vídeos que en escasos minutos percorrerán a vida de científicas en Galicia. Para iso, botará man do libro no que se inspira o nome do seu proxecto, *Galegas na ciencia*, autoría de Isabel Blanco.

Nesta primeira entrega, a divulgadora falou de Jimena e Elisa Fernández de la Vega, dúas irmáns xemelgas de Vegadeo na-



das en 1895. Elas foron as primeiras mulleres licenciadas en Medicina na Universidade de

Santiago de Compostela. Neste senso, Cela reivindicou que ambas acadaron o título con premio extraordinario de licenciatura.

Após disto, Elisa sería Pediatra e seguiría indo a congresos, conferencias, publicando artigos ou escribindo un manual para enfermeiras que non lograra ver a luz. Jimena, pola súa banda, escollería a especialidade en xenética, chegando a ser catedrática de xenética na que hoxe é coñecida como Universidade Complutense de Madrid.



# O roteiro que conduce ata as orixes da familia Castro

Nun mes de xullo coma o de ares-tora pero en 1992, Fidel Castro viaxou a Galicia. Case sesenta e sete anos despois de que seu pai, Ángel Castro Argiz, deixase a súa Láncara natal para desembarcar de Mavane en La Habana. Era o 4 de decembro de 1899, día do seu aniversario; cumpría 24 e do outro lado do charco ficaba a súa aldea de Armeá de Arriba; esa na que vivira case un cuarto de século e onde destacara pola súa destreza xogando ás cartas. Contan aínda hoxe pola contorna unha historia que se tornou moi popular, pois durante unha noite de xogo Ángel Castro e un veciño apostaran as súas casas, levando finalmente o triunfo Castro. Porén, e pese a humildade na que Ángel vivía, chama a atención que este se negou finalmente a cobrarlle a débeda ao seu contrincante.

Quen sabe se naquel entorno do Caribe, mentres plantaba caña de azucre, criaba galos de pelexa ou máis adiante observaba a súa facenda Manacas en territorio do verde Birán, cavilaba no berce modesto da súa orixe, naquelas persoas e paisaxes que abrangueran o mundo primeiro que coñecera. Quen sabe todo canto puido contarlle aos seus fillos sobre esa Galicia que só puideron imaxinar por boca dun pai ata que co devagar do tempo se foron achegando a coñecer en persoa o seu lugar.

“Hace muchos años que deseaba venir aquí de visita. Ya mis hermanos mayores habían venido y faltaba yo. Me emociona la humildad en la que vivía mi papá”, declarou Raúl Castro aló polo ano 2005 logo de erguerse do banquiño da casa e expresar que lle houbese encantado pasar canto menos un anaco a soas sen tanta presenza mediática ao seu redor.

Mais, sen dúbida, a visita que máis expectación causou foi a daquel 28 de xullo de 1992, cando Fidel Alejandro Castro Ruz asentou por vez primeira os seus pés na aldea paterna. Protexido por un amplo dispositivo de seguridade que incluía helicópteros de vixilancia, o líder da Revolución Cubana entrara no fogar acompañado da súa ampla comitiva. Horas antes, o dirixente cubano paseara pola Muralla de Lugo e despois, na Pobra de San Xiao, capital lancaresa, fora obsequiado co título de fillo adoptivo. Un tributo ao que o comandante contestara desvelando: “Cuántas veces oí en mi casa la idea de visitar este lugar?”.

Por conseguinte, desde este enclave podería iniciar o seu roteiro todo aquel que neste verán, ao cumprírense xusto 30 anos do pasamento de Castro por Galicia, decida recordar aquel fito emblemático que xa forma parte da historia.

**ATA A CASA DE ÁNGEL CASTRO.** Se partimos entón da Pobra de San Xiao, podemos tomar dous camiños para chegar a San Pedro de Armeá de Arriba. Un deles sería o que pasa Muro e Carracedo, indo a dar a dúas desviacións; unha delas a de Oleiros e Larín e a outra, a cal se deberá proseguir, a de Santa María de Lama, Toubille, Souto e finalmente Armea. Se pola contra preferimos probar outro itinerario, temos a opción de dirixirnos desde a Pobra de San Xiao cara as aldeas de Neira, Bande e Vilaleo. A partir de aí, encontraremos dous tipos de desvíos; un que cara a esquerda conduce a Toirán e Traslite e outro que leva a San Pedro de Láncara e a Santa María de Lama.

Este último será o que teremos que escoller e a partires de aí, pasadas de longo as citadas de Toubille e Souto, acharemos Armea de Arriba.

Máis detalladamente, todo aquel que emprenda camiño no seu vehículo desde a Pobra de San Xiao pode seguir a Rúa Valdriz ata a estrada LU-621. Deste xeito, deixarase atrás a Igrexa de Santa María Madalena de Neira de Cabaleiros ou o Cemiterio de Bande. Así chegarase ata Vilaleo de Abaixo e a Parroquia de Santa María, topando máis adiante con outra parroquia, a de San Vicente. Tamén se pasará por Os Baos e Fuxón antes de chegar definitivamente ao destino. Cómpre destacar que este roteiro en coche ten un tempo estimado de percorrido dun cuarto de hora.

Porén, as persoas que decidan emprender o traxecto en bicicleta posúen a posibilidade de seguir unha ruta a través da rúa Benigno Quiroga da Pobra de San Xiao. Esta guíaraos moi pretiño de aldeas como Supena, Ronfe, Seador, Bouciñas, Oleiros e finalmente, mediante a CP-5701, chegarán a Armea de Arriba. O tempo que comprende esta andaina estará estimado en corenta minutos.

E para os que se atreven a levar a cabo a aventura a pé, deberán saber que o percorrido máis seguro está calculado que levará canto menos un pouco máis de dúas horas. Nesta ocasión, o aconsellable será o tomar os sendeiros que van por baixo da estrada LU-621. Isto é saíndo da Rúa Aldriz cara Ariz e desviándose da LU-621 pasado Sampaio e destino Agrolazas, por onde se irá a parar moi preto de Neira de Rapados e o muíño que fica cabo



do Río Neira. Seguindo esta dirección atravesarase a Ponte de Carracedo e trancorrerase por Fuxón abaixo onde xa se irá a desembocar a Armea.

E chegados aló, a Armeá de Arriba, calquera poderá indicarnos cal é a famosa casa da que Ángel Castro Argiz partira en dúas ocasións rumbo a Cuba. A primeira obedecendo a un troque a causa de substituír ao fillo dun rico da zona para combatir no seu lugar durante Guerra da Independencia Cubana e a segunda moi pouco tempo despois para establecerse xa definitivamente aló no decembro de 1899 e non regresar nunca máis a súa terra.

A porta da casa fica fechada cun candando, na parte traseira a ventá sen fiestra deixa ver unha bombilla que perdura no teito da parede. Aquí chegan de vez en cando os curiosos a observaren algo da estirpe dos Castro, algo do que resta en Galicia.

Hai tempo que a familia Castro donou este fogar para que fose convertido nun museo, o cal será recoñecido como un centro de interpretación da emigración galega en América. Non obstante, a crise sanitaria do Covid-19 provocou que os traballos se parasen. Por conseguinte, o que estaba

previsto que fose inaugurado na primavera do 2020 foi postergado e aínda agardan a día de hoxe a que se rematen as obras de restauración.

Mentres tanto, aquí pódese imaxinar este lugar moitos anos atrás, igual ca se aínda non pasase o tempo un pode sentarse a fantasear como se escoitarían os choros dun meniño preto do Nadal de 1875, como este medraría e se faría mozo entre as barallas de cartas e as labores propias do medio rural; como entraría tantas veces por esa porta fronte á que hoxe toman fotos tantos visitantes e como fecharía por última vez para non volver apanazala nunca máis.

Ángel Castro morreu en outubro de 1956, tan só corenta e dous días antes do desembarco en Los Cayuelos do comandante Fidel canda o resto de guerrilleiros. Tanto tempo despois, unha placa trata de lembrar para sempre a todo aquel que pase preto do lugar onde viu a luz por vez primeira que “nesta casa, en 1875, naceu Ángel Castro Argiz, galego que emigrou a Cuba, onde plantou árbores que aínda florecen”.

## Actividades para o verán

Láncara pon en marcha este verán abundantes actividades que comprenderán dende viaxes ata festas en honor ao emigrante.

Comezaron xa o 2 de xuño coa viaxe programada a Miño, un plan que se espallará ao longo do verán levando aos veciños a visitar distintas praias. Por exemplo, para o vindeiro 11 de setembro está prevista unha excursión ás Rías Baixas, a Cambados e O Grove, que tamén suporá un desembolso económico para os intere-

sados do cal informarán en breve desde o Concello.

As demais actividades serán gratúas. Xa este pasado 2 de xullo se conmemorou por todo o alto a festa da escuma, e este 16 tamén está fixado no calendario que haxa xogos de carácter acuático.

Seis días despois desta data, a festa do Emigrante traerá a música de A Roda e Carta de Axuste.

Xa en agosto, as actividades acuáticas daranse cita na Pobra de San

Xiao, onde tamén se festexará o 13 a festa da Troita. Así mesmo, 19 será a quenda da festa da Xuventude con actuacións musicais como Beatriz e Punto Clave.

Pola súa banda, os campamentos de estío fecharán o 26 de agosto organizando unha nova festa da escuma e un karaoke infantil. Estes campamentos estarán en activo ao longo de todo o verán. E un día máis tarde, o 27 de agosto, acontecerá en Láncara unha actuación sorpresa.

**CBD MEDICINAL ECOLÓGICO**

Especialistas en el dolor de huesos, músculos, fibromialgia, cáncer, varices...

**SIN EFECTOS SECUNDARIOS**

**COMPRUÉBALO POR TI MISMO**

Rúa Calvo Sotelo 95. Sarria- Lugo  
Telf. 982 530 232

# DEPUTACIÓN

## Asoporcel recibe unha axuda de 39.000 euros



O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou co presidente de Asoporcel, José Barreira Alonso, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial achega 38.000 euros á entidade. O acordo ten como obxectivo impulsar un plan de fomento da produtividade, competitividade e rendibilidade das granxas de porco celta. José Tomé Roca explica que este proxecto de Asoporcel impulsado pola Deputación ten como obxectivo facilitar aos gandeiros e gandeiras as ferramentas necesarias para que as súas granxas acaden a máxima rendibilidade e que a produción teña a mellor saída comercial. “Estamos a falar dun conxunto de ferramentas, como o asesoramento e formación dos gandeiros e gandeiras, o control da xestión dos aspectos sanitarios de produción, o control das medidas de bioseguridade, o mantemento das insta-

lacións, o control da trazabilidade da produción e tamén aspectos comerciais e publicitarios”, subliña o presidente.

A finalidade do convenio é, polo tanto, avanzar na profesionalización do sector, asentar as ganderías existentes e atraer á xente nova para iniciar unha actividade gandeira que resulte atractiva como xeito de vida. Tomé Roca engade que “con este convenio tamén se contribúe a incrementar os servizos de Asoporcel na súa función de dinamizador da raza porcina galega, conservando moitos postos de traballo existentes na actualidade relacionados directa e indirectamente co porco celta”. Nese sentido, para a implantación do programa engadiuse un novo técnico veterinario ao cadro de persoal da asociación no 2020 e neste 2022 incorporouse un enxeñeiro agrónomo.

## Unha mostra sobre a inserción laboral de persoas con discapacidade visita 6 concellos

A Deputación levará a seis concellos da provincia a mostra Cegasal, unha asociación de persoas para as persoas sobre a inserción laboral das persoas con discapacidade.

A exposición estará composta por 24 imaxes do fotógrafo coruñés Diego Silva, que amosa a capacidade laboral das persoas con discapacidade e que percorrerá os concellos de Monforte de Lemos, Sarria, Viveiro, Foz, Vilalba e Lugo entre mediados do mes de xuño e setembro. Coincidindo coa última parada desta mostra, que terá lugar no Pazo de San Marcos, haberá tamén unha xornada de formación sobre os Centros Especiais de Emprego que será aberta á cidadanía.

“Con esta iniciativa, dende a Deputación pretendemos poñer en valor o traballo que desenvolven as persoas con discapacidade nas empresas. Cremos que un aspecto moi importante para lograr unha inclusión plena das persoas con discapacidade é lograr a súa inserción laboral en igualdade de condicións. Por iso, esta exposición fomenta a sensibilización e a concienciación sobre esta realidade”, sinalou García Porto.

A Deputada remarcou que “estes traballadores e traballadoras son un exemplo claro de que é posible promover unha cultura empresarial inclusiva, que entenda a diversidade como un activo xerador de valor social e económico”.

## Reclama axudas ás ganderías para paliar o impacto da guerra

A Deputación urxe á Xunta a que convoque canto antes unha liña de axudas para o sector gandeiro co fin de paliar o impacto da guerra de Ucraína. Así se acordou por unanimidade no Pleno ordinario do mes de xuño celebrado este martes, a raíz dunha proposta presentada polo Goberno provincial.

A voceira socialista, Pilar García Porto, expuxo que a Deputación reclama “unhas achegas directas ao sector agrario, complementarias e da mesma cantidade que as dedicadas polo Estado aos produtores de Galicia, e destinadas aos subsectores gandeiros de carne, tanto de vacún, ovino e cabrún, como avícola e cunícola”. A institución provincial tamén insta a que o Goberno galego poña en funcionamento un Observatorio de Prezos que evite que os produtores cheguen a vender a perdas, e tamén a creación dunha Axencia autonómica de Información e Control Alimentarios como ferramenta para axudar a

conseguir os obxectivos fixados pola Lei da Cadea Alimentaria.

García Porto puxo de manifesto que, “mentres a Xunta aínda non ten achegado nin un só euro en axudas ao sector, o Goberno de Sánchez duplicou a solicitude de fondos que lle pedira o ex presidente Feijóo”. Lembrou, nese sentido, que o pasado 30 de maio, 6.434 gandeiros e gandeiras galegos de leite percibiron xa 55M€, dos que 25 millóns corresponden ás 2.835 explotacións leiteiras da provincia de Lugo.

Especificou, así mesmo, que o sector cárnico está na mesma situación. “Nin un só euro da Xunta, mentres que o Ministerio de Agricultura xa se moveu e ten en trámite as achegas”, manifestou a Deputada no Pleno. “Hai que falar de que hai uns meses os prezos do leite estaban en 29 e 30 céntimos, e hoxe están en 40 e 41 céntimos, e dende logo este resultado non foi froito da loita do Partido Popular nin das súa implicación alí

onde gobernan”, dixo.

A Deputada lembrou que a proposta vai na liña da iniciativa aprobada por unanimidade o pasado 17 de xuño no Parlamento de Galicia a instancia do PSdeG para reclamar tamén unha liña de axudas ao sector agrogandeiro con fondo propios. “Naquel momento estivemos de acordo, pero é necesario lembrar tamén que Feijóo cando aínda era Presidente lle reclamaba ao Goberno do Estado 65 millóns de euros, a mesma cantidade que aportaba a Unión Europea”. Así mesmo, afirmou que dende aquel momento, ademais das medidas xerais de bonificación dos carburantes, o Goberno de España aprobou un paquete de axudas para o sector duns 360 millóns de euros, 169 deles de xeito específico para o sector lácteo; e concretou, que no caso dos sectores agrogandeiros, o Goberno “duplica a axuda europea de 65 millóns de euros, aportando outros 128 ata chegar a un total de 193”.

## A Deputación, anfitriña da Copa de España Creativa 2022



A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presentou xunto á presidenta de España Creativa, Belén Elisa Díaz, as bases e a convocatoria para optar a unha nova edición da Copa de España Creativa, que reconece iniciativas innovadoras para promocionar o desenvolvemento sostible do territorio.

Como gañadora da pasada edición deste certame de ámbito nacional, a Deputación acollerá a final do concurso este ano coa celebración do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España 2022, que terá lugar entre os días 10 e 12 de novembro baixo o título de Experiencias Lugo 2022 – Turismo, creatividade e innovación para o

desenvolvemento sostible.

A Copa de España Creativa inclúe catro modalidades: para cidades ou municipios de máis de 50.000 habitantes; para administracións de menos de 50.000 habitantes; para diferentes territorios, como rexións, illas, comarcas, provincias ou mancomunidades; e para empresas e outras entidades que dialoguen co territorio e impulsen proxectos de ámbito local ou rexional.

Os proxectos deberán abarcar dúas áreas diferentes, como urbanismo, medio ambiente, transporte, enerxías renovables, saúde, tecnoloxía, deporte ou educación, pero será requisito imprescindible que a cultura e a innovación sexan parte do mesmo.

## Publicada a concesión de axudas para actividades culturais

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia a concesión provisional de axudas de concorrencia competitiva para a organización de actividades de interese cultural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Máis de 175 colectivos e asociacións culturais das distintas comarcas resultaron beneficiarias da convocatoria, que conta cun orzamento total de 200.000 euros.

A través das achegas, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo financia clases de música e baile tradicional, obradoiros de teatro, narración oral ou pintura, actividades de formación no eido das artes escénicas, a produción de documentais, a celebración de festivais, certames, xornadas relacionadas coa historia ou patrimonio, así como outras actividades de posta en valor das tradicións e do patrimonio inmaterial organizadas por asociacións en todo o territorio.

A vicepresidenta Maite Ferreiro sinalou que “con esta convocatoria renovamos o noso compromiso coas asociacións distribuídas polas parroquias, concellos e comarcas, que facilitan o acceso á actividade cultural en todo o territorio e xeneran un dinamismo moi necesario para o sostemento do tecido económico vinculado a creación e á produción cultural”.

## Breogán e Lugo entregan balóns a unha ducia de centros educativos

Unha ducia de centros educativos recibirán balóns de fútbol e baloncesto dentro da campaña Xuntos da man, impulsada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, o CB Breogán e o CD Lugo para fomentar a actividade deportiva e os hábitos saudables entre escolares da provincia.

Alumnado dos CEIP Manuel Mallo de Nadelá, CEIP Rosalía de Castro de Lugo, CEIP Anexa de Lugo, Colexio Franciscanos de Lugo, CEIP Paradai de Lugo, CPR María Auxiliadora de Lugo, CPR La Inmaculada Maristas de Lugo, CEIP Sagrado Corazón de Lugo, CPR Plurilingüe Nosa Señora da Asunción Sarria, CEIP Plurilingüe de Monterroso, CEIP de Quiroga, CPI Tino Grandío de Guntín e CEIP Virxe do Corpiño de Begonte recibirán este paquete de material, que solicitaron a través do formulario habilitado en xuntosdaman.gal.

O deputado de Deportes Efrén Castro, a concelleira de Participación de Lugo, Cristina López, o conselleiro do CB Breogán e o responsable de



Márketing do CD Lugo fixeron entrega dos balóns a representantes dos centros e anpas que se achegaron para recollelo de forma presencial. O reparto completárase co envío aos colexios, para que dispoñan do material no inicio do vindeiro curso.

Efrén Castro agradeceu a colaboración de CB Breogán e CD Lugo nesta iniciativa que achega o deporte de elite aos nenos e nenas e contribúe a fomentar a actividade deportiva nestas idades, achegando neste caso aos centros un material de uso tanto

nas aulas de educación física como nas actividades extraescolares”.

A campaña segue aberta polo que os centros educativos e anpas que o desexen poden solicitar a través do formulario de inscrición dispoñible en xuntosdaman.gal calquera das actividades que se propoñen. A recepción de balóns, cartelería e trípticos, a participación no programa de visitas a centros escolares ou a asistencia aos partidos do CD Lugo e o Río Breogán. As solicitudes atenderanse tendo en conta a data de inscrición.

## O programa en apoio emprego no rural estará en Láncara

Arrancou en Alfoz o programa Feminino rural. Evolución, que ofrecerá de forma totalmente gratuíta formación, acompañamento e asesoramento personalizado a mulleres empresarias e emprendedoras do rural da provincia para mellorar ou lanzar os seus negocios. A institución provincial financia integramente cunha achega de 40.000€ esta iniciativa, que desenvolve a Asociación de Empresarias de Lugo (AELU).

Ademais deste encontro inicial, durante o mes de xullo terán lugar outras seis citas comarcais para presentar este programa nos concellos da Fonsagrada, Vilalba, O Saviñao, Láncara, Antas de Ulla e Lugo.

En cada comarca habilitaranse 25 prazas co obxectivo de crear sinerxías entre os establecementos de cada zona, fomentando o intercambio de coñecementos e de experiencias entre empresarias e emprendedoras. Despois, haberá unha segunda fase onde participe unha selección de 5 empresarias e emprendedoras por comarca que saíran das reunións de traballo. Polo tanto, un total de 35 persoas recibirán unha formación e un asesoramento personalizados, que irán dirixidos a mellorar o funcionamento, gañar competitividade e abrir novos mercados no caso das empresarias que teñan os negocios en marcha, e para constituír e arrancar a empresa no caso das emprendedoras participantes.

## Remata a primeira parte de Coñece a túa provincia



A Deputación de Lugo pechou a primeira parte dunha nova edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, que se retomará no outono, con viaxes entre setembro e novembro. No que vai de tempada beneficiáronse preto de 1.800 usuarios e unhas 85 entidades e colectivos lucenses sen ánimo de lucro. A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, valorou esta nova edición e destacou o interese amosado polas entidades lucenses.

Así mesmo, destacou que “a xente que participou valorou dun xeito moi positivo a organización, os itinerarios e o desenvolvemento das viaxes, polo que estamos satisfeitos e convencidos dun programa que, xa na súa primeira edición, foi todo un éxito e, este ano, non podía ser menos”.

As viaxes levaron aos beneficiarios a coñecer o patrimonio natural,

histórico, cultural e gastronómico da provincia de Lugo a través dos 37 itinerarios deseñados pola institución provincial. Entre as rutas máis reclamadas polas entidades figuran as da Mariña e as da zona da Ribeira Sacra. Ademais, visitaron algunhas das instalacións da institución provincial, como o Pazo de San Marcos, o Mazo de Santa Comba ou a Granxa Gayoso Castro, entre outras.

Coñece a túa provincia inclúe o transporte de balde para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Estas visitas realízanse profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.

## Comeza a nova edición das Actividades Fluviais



Xa está en marcha o programa de Actividades Fluviais que a institución provincial ofrecerá de maneira gratuíta en 10 concellos dende o pasado sábado 2 de xullo, ata o 15 de agosto. En concreto, estará na praia fluvial da Pobra de San Xiao o 16 de xullo de 16.00 a 19.00 horas. A programación, que chega á súa terceira edición, está dirixida a un público familiar, podendo anotarse maiores de 6 anos de idade no propio lugar da actividade ou a través do teléfono 636.504.155. Entre as actividades ofertadas, os participantes poden realizar kaiak, paddle surf ou inchables, ademais doutros xogos nas contornas fluviais.

“Con esta programación de Actividades Fluviais, ofrecemos ós veciños e veciñas do noso rural unha alternativa de ocio activo, ao aire libre, que pon en valor os espazos naturais, e que axuda a dinamizar a vida social e económica dos concellos”, sinalou o mandatario provincial, quen, explicou, ao mesmo tempo “seguiamos consolidando un turismo de calidade e sostible, un turismo de experiencias, con capacidade para atraer xente durante

todo o ano, que se apoia en elementos tan diversos como o medio ambiente, a gastronomía, a cultura, os monumentos ou mesmo as roxaxes de cine”.

“Manter unha oferta de ocio de calidade continuada é a mellor maneira de respaldar ó sector turístico, á hostalería e ó comercio local, porque todos sabemos que onde hai actividades de lecer, hai consumo, sobre todo no sector servizos”, asegurou o Presidente. Así, engadiu José Tomé, “a mensaxe que lanzamos é moi sinxela: sempre hai un motivo para vir á provincia de Lugo. Para que veñan os de fóra e para que os de aquí nos movamos para coñecer mellor o noso territorio”.

O presidente lembrou neste sentido que as Actividades Fluviais súmanse a outras propostas como o programa de turismo deportivo e de aventura Actívate; o programa Coñece a túa Provincia, do que se beneficiarán esta tempada unhas 3.000 persoas de 135 asociacións, ou tamén o programa Saborea a túa Provincia, unhas xornadas de lecer e gastronómicas que estamos preparando para o mes de agosto.

## Destinan 30 millóns de euros a políticas sociais

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, participou nas xornadas Gobernos Locais e Servizos Sociais.

Medio cento de traballadores e representantes institucionais de entidades locais de toda España participaron no encontro, celebrado de maneira telemática, durante o que o Presidente asegurou, “como firme defensor do público e do municipalismo”, que o ocorrido durante a pandemia no eido social, “debe facernos reflexionar a todos”, e reivindicou a necesidade dun “novo modelo de servizos sociais e de modificar o marco de financiamento local”.

Explicou o presidente que a covid19 “puxo en cuestión da maneira máis triste posible o modelo asistencial

das residencias, as ratios de persoal por residente, os controis periódicos das concertadas e mesmo o propio deseño arquitectónico dos centros”. Por iso, o mandatario provincial apelou a un novo modelo de servizos sociais. Neste sentido, destacou que a Deputación de Lugo dedica un terzo do Orzamento anual, uns 30M€, a políticas sociais, “que debería asumir a comunidade autónoma”, e puxo en valor o modelo de residencias provincial. “Residencias públicas de pequeno tamaño, de entre 30 e 40 usuarios de media, asentadas en pequenos municipios, de xeito que as persoas viven esta nova etapa preto das súas familias e amigos, no entorno no que pasaron toda a súa vida”.

# COLABORACIÓNS

## Traballar para o inglés

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**A** todos nos resulta familiar esta expresión, polo que non precisa de moita explicación. O que ven significando, é que un se esforza en algo para que lle saquen proveito outros e non un mesmo, quen realmente fixo o traballo. Unha frase esta escoitada a cotío e quen a pronuncia en primeira persoa non pode evitar sentirse como un parvo.

Porque a ver que impresión podemos ter cando lemos novas nos xornais onde nos contan que un país como Noruega seduce a titulados en Enfermería galegos - e tamén aos que están a camiño - con ofertas salariais de tres mil euros mensuais, así como aloxa-

mento e formación gratuítas. Xa polo miúdo, o ofrecemento noruegués inclúe viaxes pagadas e unhas condicións laborais e profesionais do máis atractivas. Como dicir que non a tal ofrecemento, a pesares de que durante meses non se vexa aparecer o sol e as temperaturas invernaís sexan moito máis baixas que na Serra do Xistral, ou que unha vez asinado o contrato, o enfermeiro/a poda ser trasladado dunha localidade a outra en función das necesidades do momento. Un hándicap este que lles produciría risa incontrolable a aqueles profesionais autóctonos que precisan metros de papel para imprimir a súa vida laboral, con innumerables contratos, algúns non superando o día de duración.

Entón, volvemos á expresión inicial e de contado deducimos o que se pretende transmitir. Aquí no País, investimos na educación de centos



e centos de mozos e mozas, desde a súa etapa inicial ata a universidade, que unha vez graduados fan as súas maletas para ocuparse alén das nosas fronteiras, ante as pésimas expectativas que atopan na súa propia Terra en comparación con tentadoras propostas como a sinlada. Establecendo un símil futbolístico, somos como aqueles equipos que traballan concienzadamente cos seus deportistas máis novos, que os forman, cuidando


deles en toda a súa evolución, pero cando chegan á idade adulta e triunfan, de contado ven un clube grande e a golpe de talonario arrampla con eles, sen que se poda facer nada contra esa realidade. Pois mellor comparación, un non pode atopar.

Seguimos, como desde tempos pasados, sendo terra de emigrantes. Xa no século XIX e principios do vinte, asistimos a ese fenómeno, que se repetiría décadas despois,

con diferentes destinos. Daquela, unha Galicia pobre e atrasada que non era quen de facilitar traballo de abondo aos seus fillos, polo que moitas deles optaron por marchar. Hoxe é diferente; vemos como parte da xeración que se di a máis preparada, estudada nos colexios, institutos e universidades das nosas vilas e cidades, prepara os bártulos para exercer a súa labor profesional moi lonxe de aquí. Temos un problema e dos grandes, porque resulta que tampouco se cubren postos de traballo nun campo tan elemental, a sanidade, co que iso significa nunha sociedade avellanada como a galega. Así vemos que nunhas localidades, en períodos de vacacións ou baixas, médicos e enfermeiros non son substituídos. En fin. Todo un desafío por diante, pero se seguimos traballando para o inglés, mal imos.

## 1 x 1.000

### CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**C**omo poder vivir mil historias nunha soa vida? Como se explica a maxia do cine? Sinto auténtica fascinación polo mundo do audiovisual, todo o que engloba e representa. Desde o labor dos/das guionistas, directores/as, actores e actrices ata o dos/das compositores/as, técnicos/as de todo tipo ou responsables de publicidade e marketing. É un universo no que a creatividade e a fantasía están moi presentes, sendo ingredientes imprescindibles para o bo facer e o éxito ou non dunha produción.

Dentro de todos/as os/as profesionais do sector, gustárame falar dos/das compositores/as da industria audiovisual. E digo industria sen ningún tipo de complexo ou punto negativo: Acaso paixón, profesión ou traballo son termos irreconciliables?

Cando pensamos nunha película, curtametraxe, serie de televisión, etc., é moi probable que se nos veña á cabeza un tema, ou polo menos o anaco dunha melodía.

Un grupíño de notas musicais que incluso podemos asubiar cando estamos na ducha, cociñando ou lavando o coche. Cancións que quedan impresas na nosa memoria e que nos acompañan ao longo da vida. Isto acontece cando os/as bos/boas compositores/as sacan a súa variña e fan maxia... Si, cando atopan esa combinación perfecta de brancas, negras, corcheas, silencios e demais habitantes da partitura para dar vida ás imaxes a través do son.

Son moitos/as os/as compositores/as que compuxeron grandes bandas sonoras ao longo da historia do cine, pero quixera poñer tres nomes na palestra: John Williams, Ennio Morricone e Hildur Guðnadóttir. Un de Nova York, outro de Roma e outra de Reykjavik. Sen dúbida, tres nomes que resoan con forza no “olimpico cinéfilo”.

Atreveríame a dicir con toda seguridade que a maioría de nós podería cantaruxar algunha melodía do compositor estadounidense John Williams (1932): *Star Wars*, *Indiana Jones*, *Tiburón*, *A lista de Schindler*, *Harry Potter*... O afamado cineasta Steven Spielberg –un tándem perfecto ao longo da historia-, dixo del que “era atemporal



e ía camiño de ser eterno”. Se o di Spielberg, como negalo!

Fillo dun percusionista da orquestra de radio CBS, estivo exposto á música desde unha idade temperá. Comeza a estudar piano cando era neno e máis tarde asiste tamén a clases de trompeta, trombón e clarinete. Moi axiña a súa carreira como compositor comeza a tomar forma, tratando de orquestrar as súas propias pezas cando era adolescente. En 1948 múdase a Los Ángeles coa súa familia, onde estuda composición en privado e tamén brevemente na Universidade de California. En 1951 é recrutado nas Forzas Aéreas dos EE.UU., e durante o seu servizo, encárgase

de organizar a música da banda e tamén de dirixila. Un exemplo de talento e constancia desde ben noviño.

O segundo nome dese “olimpico cinéfilo” é o do italiano Ennio Morricone (1928-2020), outro “deus” consagrado na composición de bandas sonoras: *Cinema Paradiso*, *O bo o feo e o malo*, *La misión*, *Malena*... Canta beleza concentrada, cantos recordos que nos transportan a lugares distantes, a outras vidas cheas de intensidade e aventuras infinitas.

De pequeno foi compañeiro de colexio de Sergio Leone –outro tándem perfecto- co que máis tarde colaborou en case tódalas súas películas ata a morte deste. Tralo colexio ingresou no Conservatorio Santa Cecilia de Roma, onde estudou trompeta e composición. A súa carreira cinematográfica empezou nos 60 e foi realmente prolífica, contando con máis de 500 traballos feitos.

A compositora islandesa Hildur Guðnadóttir (1982), tamén violonchelista, pertence a outra xeración e desenvolve unha importante carreira na industria audiovisual. Prové dunha familia de músicos, o seu pai é compositor, clarinetista e profesor de música e a súa nai,

cantante de ópera. Empeza a tocar o violonchelo aos cinco anos e debuta aos dez anos acompañando á súa nai. Posteriormente estuda na Reykjavik Music Academy composición e novos medios na Iceland University of the Arts e na Universidade das Artes de Berlín. Entre as súas composicións máis recoñecidas atopamos as bandas sonoras para a serie de HBO, *Chernobyl* e para a película *Joker*. Segundo contou Hildur, a música de ‘Chernobyl’ compúxoas xunto a Chris Watson e Sam Slater na mismísima central nuclear de Ignalina (Lituania), onde se rodou boa parte da miniserie. A citada central, hoxe día sen actividade, é coñecida como ‘a irmá de Chernobyl’ debido ao gran parecido estrutural do seu reactor co da central que sufriu o accidente. Os músicos gravaron na central todos os sons posibles cos que posteriormente compuxeron a BSO. “Á parte da miña voz, cada un dos sons da música foron gravados na propia central nuclear. Consequimos extraer das portas as melodías máis delicadas e sacar os rúidos máis atronadores das salas dos reactores e das turbinas”. Música de cine ou música para vivir mil vidas.

# 1, 2, 3, responde outra vez

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

O cuestionario Proust é un conxunto de preguntas contestadas polo escritor francés Marcel Proust, empregado a miúdo por entrevistadores modernos coma Javier Aznar no podcast Hotel Jorge Juan. Conversas arredor dunha chisporroteante copa de Seagrams, tónica, e sei firmemente con que tono se vai a ler o adxectivo desde Gaibor. Chisporroteante. Só fai falla algo para mascar, pensar, crer e medrar.

Como tamén sei que eu non vou a ter que enfrontarme a estas preguntas endexamáis diante dun micro, vounas a contestar aquí. Polo menos, algunhas, as que me de tempo antes de pasar

a facer outra cousa. Ou as xustas para facer os tres mil cinco centos caracteres e poder marcar outra cruz na páxina que vai de hoxe a onte. Son trinta preguntas para coñecer en profundidade a unha persoa, así que tampouco podo contestar a todo con verdades absolutas, basicamente porque tampouco existen e porque non é a finalidade última nin de ningúnha entrevista. Coido que en cada conversa do podcast, cada entrevistado acaba proxectando o que quere ser moito máis alá do que é na realidade.

Cal é o aspecto principal da miña personalidade? Coido que o pensamento crítico, a tenacidade froito da cal rematei a carreira e dirixe todos e cada un dos días da miña vida. Proust contestou que a necesidade de ser amado, máis alá da necesidade de ser admirado. E agora que xa respondín o que debería, direi que

o forte temperamento é o que rixe a miña personalidade, a vena abultada á mínima de cambio, a mecha curta.

Cal é a cualidade que máis valoro noutra persoa? Aquí non teño dúbidas, a bondade. A boa fe como maneira habitual de proceder, sen intereses de por medio, interésame cando actúa e fala o corazón. Dixo Zuazua, de nada serve que queiras algo ou a alguén, se malia que sexa das túas persoas máis queridas, ela non o sabe. E non podo estar máis de acordo.

O meu erro principal? Preguntá-delle á miña nai, que non é china, pero podería selo perfectamente. Por esa maneira tan súa de enumerar defectos e erros coa finalidade de seren mellorados, pero nunca, nunca, as virtudes, non vaia ser que me confunda e me confíe.

A miña ocupación favorita non é escribir nunha cafetería coma Mauro Libertella, é ler na Ri-

gueira, é ter tempo para H. E a miña idea de felicidade perfecta é saber que toda a xente que quero está ben, ten saúde e non me asusto cando escoito a melodía de chamada do iPhone, para min a felicidade ten moito de con quen e moi pouco de como. Aquí si que coincido con Proust, e teño medo de que non sexa o suficientemente grande, teño medo a destruílo se o digo. Igual ca o maior infortunio sería non coñecer á miña nai ou á miña avoa Anisia, da igual cando conteste esto. A miña cor favorita depende de para que. Podería dicir que o gris, nun mundo de brancos e negros, a min defíneme o gris. Que me gustaría ser? Feliz, a ratiños e de cotío. Aos poucos. Porque eu mesma xa son, e aquí, non entendín a resposta do autor.

Non teño flor favorita, así que podedes preguntarlle a B., que terá seis ou sete nomes e quedome co

descarte. O paxaro favorito é calquera que non sexa unha gaivota, non me gustan especialmente as aves, só no prato diría se non tivese a pretensión de ser politicamente correcta. A miña poetisa favorita é Rosalía, porque sinto a súa mesma dor cando a leo, porque busco xente que me faga sentir, e ela consígueo a través do papel, sen sermos coetáneas ela sempre é a que me le o corazón a min.

E non contesto máis, para non espirme, pero seguirei a preguntarlle aos meus que se tivesen na man unha cápsula para facelos un dez por cento máis listos pero que os perciban un vinte por cento máis parvos, a tomarían. Sabendo que eu si, porque di Jabois que que te perciban máis parva é xogar con moita vantaxe na vida, e porque esa foi a miña máxima cada día que entrei nunha aula da Facultade de Matemáticas.

## Covid e saúde mental

O PUPITRE



Julio Díaz

A pandemia que vivimos acaba de poñer de manifesto, incluso de moda, todo o referido a saúde mental dos nosos rapaces e tamén de nos mesmos. De feito, permite que os temas referidos a esta cuestión, ocupen as primeiras páxinas da maioría dos medios de comunicación, sendo unha constante as continuas disertacións de boa parte de nosos dirixentes que, de forma aberta e directa, tratan sobre a saúde mental. Temos que recoñecer que dous anos de pandemia conseguiron mais que todo o esforzo de décadas de loitas e reivindicacións dos profesionais e das familias das persoas afectadas.

A saúde mental dos mozos españois de entre 15 e 19 anos sufriu un violento revés nos derradeiros dous anos. Os problemas relacionados ca saúde mental pasaron dun 9,5% no ano 2019 ao 17,7% no 2021. Hai que ter en conta que, antes da crise do Covid-19, neste sector da poboación era onde menos se detectaba a idea de suicidio, pero agora, pola contra, encabeza o grupo que con maior frecuencia posúe este tipo de pensamento suicida, pasando dun 5,5% no 2019 ao 12,3% no 2021, no grupo de idade



de 15-19 anos, e do 6,3% no 2019 ao 9,2% no 2021, no de 20 a 24 anos. Estes datos son algunhas das conclusións do Barómetro Xuvenil de Saúde e Benestar da Fundación Mutua Madrileña, realizado en España entre os mozos de 15 a 28 anos. Neste estudo constátase ademais a percepción que este grupo poboacional ten respecto o empeoramento da súa saúde física e mental nestes derradeiros anos. Este feito, debe espertar en nos, os docentes, unha alerta constante na vixilancia dos seus estados de ánimo.

Nestes últimos anos o deterioro da saúde mental que, por diferentes motivos, xa estaban sufrindo os nosos mozos, foi de repente incrementado e acentuado dun xeito notable pola chegada do Covid-19. Pero eles, ademais, víronse afectados por graves aspectos colaterais á propia pandemia como o peche

dos seus centros educativos, o medo ao contaxio, as constantes noticias sobre falecementos, as enfermidades no entorno familiar e incluso mortes, a imposibilidade de actividade física no exterior... Todo isto provocou un cambio substancial nas súas vidas: excesivo tempo na casa, moitas delas diante da tele e das "maquiniñas", sempre co móbil na man, con unha dependencia obsesiva das redes sociais e case nulo contacto co exterior e cos seus compañeiros.

Durante o confinamento desapareceu de feito o contacto directo con amigos, profesores, monitores deportivos, traballadores sociais... facendo que o número de consultas de saúde mental, mesmo de ingresos psiquiátricos, infantís e xuvenís, aumentaran de forma exponencial, acentuando e agravando os problemas que xa se sufrían antes do Covid-19.

O RECUNCHO DE CANELINA



Somos os propios docentes os que, a pesar da escasa preparación recibida para detectalos, observamos mais ansiedade, depresión, agresividade, estres e trastornos de conduta alimentaria nos nosos alumnos. Isto require unha urxente intervención das administracións educativas para lograr un amplo e consensuado Plan de Saúde Mental Escolar que minimize os devastadores efectos da pandemia que voltou do revés o equilibrado, pero á vez fráxil quebracabezas, que intentamos manter nos nosos centros educativos no referente a saúde mental e a convivencia dos

nosos rapaces. É por tanto indispensable deseñar e executar estratexias e programas baseados na prevención, avaliación e intervención nos avanzados trastornos mentais que os docentes observamos como se agudizan día a día de forma incesante e alarmante. A pandemia visibilizou os retos os que debemos enfrontarnos respecto a saúde mental dos nosos alumnos. É imprescindible que adoptemos medidas e que establezcamos estratexias para proporcionar ó alumnado un benestar emocional adecuado que pouco a pouco borre as fendas que a pandemia xerou.

# PASATEMPOS

## SUDOKU

Fácil

		4		8	2			
		2		7		1		
	4			8	9	6		
	6			3		7	9	
7	9						3	
			2	8				
3	5		4		9	7		
9		8		5		4		
5	9	3		2	1			



Difícil

1	3			2	4	5	6	
6	8	5				3		2
			6					
				4			8	5
		3					9	6
3	1	9	6			8	2	7
	2	6			8			
					7		1	

Extremo

		6						7
8	7			3			5	9
		5	4				2	
		9		5	6	4		
		9					8	
2	7	8						
7				4				2
	8					7	1	
								9

## AS SETE DIFERENZAS



## SOLUCIÓNS

6	5	4	9	3	7	2	1	8
1	9	7	6	8	2	5	3	4
8	3	2	5	1	4	6	9	7
4	1	3	7	2	9	8	5	6
7	8	9	1	5	6	4	2	3
5	2	6	8	4	3	1	7	9
2	4	1	3	7	8	9	6	5
3	6	8	2	9	5	7	4	1
9	7	5	4	6	1	3	8	2


Fácil

9	5	8	2	3	7	6	1	4
7	2	6	4	1	8	9	5	3
3	4	1	9	6	5	8	2	7
8	1	3	5	7	2	4	9	6
2	6	9	1	4	3	7	8	5
5	7	4	6	8	9	2	3	1
6	8	5	7	9	1	3	4	2
1	3	7	8	2	4	5	6	9
4	9	2	3	5	6	1	7	8

Difícil

6	5	3	7	1	2	8	4	9
4	2	8	6	3	9	7	1	5
7	9	1	5	8	4	6	3	2
2	1	7	8	4	3	9	5	6
5	4	6	9	2	7	1	8	3
3	8	9	1	5	6	4	2	7
8	3	5	4	7	8	2	6	1
8	7	2	3	6	1	5	9	4
1	6	4	2	9	5	3	7	8

Extremo



## DEPORTES

# “Temos xogadores moi bos e un gran equipo humano”

Rubén López García, Ruchi, defensa da Sarriana nas últimas dúas tempadas

A Sarriana volveu tocar este ano o ceo coa punta dos dedos pero acabou deixando marchar por segundo ano consecutivo a posibilidade de ascender ao quedar nesta ocasión a dous puntos da segunda praza que daba acceso á Terceira División, categoría que se resiste.

Gran temporada do equipo, que quedou campión do seu grupo na primeira fase e clasificou para o ascenso.

Entre as súas filas destacou Rubén López García, Ruchi, que desenvolveu este ano a súa segunda tempada no club procedente do Somozas. Natural de Becerreá, aspira a lograr o ascenso e ve o seu futuro como adestrador.

## Como se desenvolveu a túa paixón polo fútbol?

Dende pequeno sempre me encantou, a meu pai e a un tío meu que vive en Barcelona tamén lles gusta moito e facían que a min aínda me gustara máis. A verdade, dende que teño recordo o meu xoguete favorito sempre era o balón.

## Cales son os primeiros recordos da túa relación con este deporte?

Os meus primeiros recordos son no patio do colexio cos meus

amigos, pois en Becerreá non había equipo, pero en canto se crearon as categorías inferiores xa me apuntei e levo xogando desde aquela.

## Cales eran os teus referentes de cativo? E a día de hoxe?

Os meus referentes a nivel persoal sempre foron meus pais, e a nivel futbolístico o meu referente era Puyol, aínda que xa leva tempo retirado. Dende que o empecei a ver xogar cando era neno, encantábanme os valores que transmitía no campo de fútbol e a forma de entender este deporte que tiña.

## Como é o ambiente no Sarriana? Que puntos destacarías de vós como equipo?

Ahora mesmo temos moi bo ambiente no equipo, non hai problemas e o día a día faise moi ameno. Os puntos fortes para min son que temos xogadores moi bos e a maiores, como che acabo de dicir, temos un bo grupo humano que é algo importantísimo.

## Que beneficios cres que aporta o traballo en equipo?

Aporta moitas cousas: ser empático, pensar no beneficio do equipo máis que no teu propio,

compartir, animar, apoiar aos teus compañeiros e sobre todo aporta amizades para toda a vida que é o máis importante do deporte desde o meu punto de vista.

## Algún recordo especial que gardes do tempo que levas?

Hasta agora non teño ningún que destacar porque aínda non puidemos conseguir o obxectivo que tivemos durante estas dúas tempadas pero agardo que para o ano que vén che poida dicir varios.

## Como é a túa rutina de adestramento?

Agora mesmo estou bastante ocupado por motivos laborais, polo que non podo adestrar todo o que me gustaría e os meus adestramentos durante o inverno son os que facemos co equipo, os cales son tres días a semana e o fin de semana temos partido.

## A un cativo ou cativa que non lle guste o fútbol, que lle dirías para que se animase a practicalo este verán?

Eu animaría a que probara para saber se lle gusta ou non. Eu en Becerreá adestro a moitos nenos que veñen ao principio sen estar moi convencidos



Ruchi en dúas xogadas durante esta tempada

e o final acaballes encantando. Non é só o deporte en sí, senón o ambiente de equipo e as amizades, que é o que máis engancha ós nenos.

## Cales son as túas paixóns a parte do deporte?

Encántame pasar tempo en familia e cos amigos, viaxar, as motos, os animais (na miña casa en Becerreá temos vacas e en inverno sobre todo ocupo gran cantidade de tempo traballando con elas) facer sendeirismo

e practicar diferentes deportes.

## De aquí a dez anos, como te imaxinas?

Pois é unha pregunta complicada, porque nun período de tempo tan longo poden pasar moitas cousas, pero eu creo que con respecto o fútbol xa non xogarei e serei só adestrador, que é algo que me gusta moito tamén e que xa levo facendo dende fai tres anos. Agora adestro nas categorías inferiores da SD Becerreá, onde eu empecei a xogar.

## TELÉFONOS DE INTERESE

### LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77  
Garda Civil: 982 54 31 47  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

### PARADELA

Concello: 982 54 11 01  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

### SARRIA

Concello: 982 53 50 00  
Policía Local: 982 53 08 50  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11  
982 53 21 12 / 982 53 21 13

### SAMOS

Concello: 982 54 60 02  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

### O INICIO

Concello: 982 42 70 14  
Garda Civil: 982 42 00 46  
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77



### TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062



### TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

# SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@sarriaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU 57-2021

## DE RUTA EN RUTA

# Láncara: un paseo pola historia

O concello agocha un importante legado que se coñece cun percorrido por distintos puntos do seu termo municipal

Os numerosos castros que aínda hoxe se conservan no municipio de Láncara son proba dun pasado de asentamentos humanos moi antigos. Están repartidos por todo o municipio, pero con especial incidencia nas zonas oeste e sur. Os máis destacados son: Castro do Monte en Bande; Cairedo en San Miguel de Monseiro; Croa do Castro en Pobra de San Xiao; Eixor en Toirán; Seteventos en Toldaos; O Castro en Traslíste; Cabezaís en Vilouzán, Castro de Cedrón e Castro de Muro.

Da época romana consérvase como principal referencia a Ponte de Carracedo, que cumpría a función de paso do río Neira na antiga vía de Lucus Augusti. Na Idade Media o paso pola ponte de Carracedo estaba gravado cun portazgo, imposto que debía pagar quen quixera cruzala. Nesta época atopamos alusións a Láncara nunha orde pola que se manda entregar a vila de San Xiao á Igrexa de Santiago. A vila pasaría posteriormente xa no século XIV os dominios do ilustre Don Fernando de Castro, Señor de Lemos. O privilexio data do ano 1360.

A primeira noticia documental que temos de Láncara data do século X, cando Don Gonzalo, fillo de Alfonso III, fai doazón, no seu testamento, da vila de Láncara ó Bispo de Santiago de Compostela, mentres outros lugares do municipio pertencían o Mosteiro de Samos.

Da vinculación con Samos son

boa proba as repetidas mencións a poboacións, igrexas ou mosteiros que aparecen no Tumbo de Samos, onde se fai mención a diversas localidades. Patrimonio do mosteiro de Samos foron entre outras as igrexas de: San Xoán de Traslíste, Santa María de Neira de Cabaleiros, San Pedro de Bande, San Xoán de Muro, San Pedro de Láncara, Santiago de Cedrón, etc

A vila de Láncara converteuse en señorío de Láncara dende a época en que foi recuperada por Ordoño II, irmán de Don Gonzalo, en troca co Bispo de Compostela polas vilas de Oza e Cela.

Durante os séculos XVII e XVIII, época dourada da nobreza en Galicia, construíronse residencias señoriais en Láncara, A Pobra, Cedrón, Traslíste... e familias de renome, como os Castro, Bolaño, Ulloa, Ribadeneira, Quiroga, Deza...tiveron nestas terras os seus pazos.

A principios do século pasado extendéuse por toda Galicia o fenómeno da Solidariedade Galega. Movemento que naceu na Coruña e que orixinou un forte desenvolvemento do movemento agrario na busca de mellares condicións de traballo. Nesta zona desenvolveronse campañas na procura da Redención Foral. Reivindicábanse a abolición dos foros, e organizáronse mitins e xuntas durante os primeiros anos do século XX. Nas décadas de 1830 e 1840 lévase a cabo varias reformas institucionais e administrativas que nos afectan, dividíndose o muni-



cipio de Láncara e dous: Láncara e A Pobra de San Xiao. O actual municipio de Láncara surxe no 1889. A capitalidade do concello estaba emprazada en Carracedo,

onde se construiu un novo edificio no ano 1910 para albergala Casa Consistorial.

Coa construción da liña de ferrocarril Sarria-Lugo no 1880

Pobra de San Xiao foi gañando importancia en detrimento de Láncara, feito que rematou co trastado da capitalidade municipal á Pobra en abril de 1958.



**GALEGA**  
DE IMPERMEABILIZACIÓNS

Especialistas en impermeabilizacións con láminas PVC e láminas asfálticas, de aplicación en:

Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns  
**ESTRUCTURAS ENTERRADAS • LÁMINAS ANTIRADÓN**

FACEMOS DEPÓSITOS PARA AUGA POTABLE